

MOBILIZACIÓNS. Os sectores do viño, a castaña e o mel de Ourense en pé de guerra pola pasividade da Xunta diante dos danos provocados polas xeadas e a sarabia de primavera ▶ 13



Couza guatemalteca: A pataca prohibida en 31 concellos
A desidia de Medio Rural propicia a invasión
dunha praga devastadora para a pataca ▶ 6 e 7

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIII - Nº 315 - Primavera 2017

9 DE XULLO: ELECCIÓN A CONSELLOS REGULADORES

O 9 de xullo, miles de labregos e labregas están convocadas para elixir 180 vocais para os consellos reguladores de 21 das 25 denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas da Galiza. Como en pasadas convocatorias, o Sindicato Labrego Galego presentará candidaturas en naquelas DOs e IXP nas que non haxa listas de consenso con outros colectivos e organizacións.



▶ SUPLEMENTO CENTRAL

**#STOP
NOVIERCAS**



A GRANXA DAS 20.000 VACAS: ASALTO AO SECTOR LÁCTEO

Unha empresa pretende construír unha granxa con capacidade para 20.000 vacas en Soria. Neste Fouce analizaremos o impacto que tería implantar este modelo que podería favorecer a deslocalización da produción, a fin do sector lácteo tal e como o coñecemos hoxe, e a sentenza de morte para as nosas granxas. ▶ 4 e 5

CONGRESO DE VACÚN DE CARNE
Sindicato Labrego Galego
11 de febreiro de 2017
Guitiriz



O grupo de traballo para enfrontar os problema da carne de vacún bota a andar tralo congreso do sector ▶ 8 a 11

TERRA. A empresa Erimsa ameaza 200 granxas e 500 postos de traballo directos na comarca de Ordes ▶ 20 e 21

MINARÍA contraMINAcción reforza a súa loita ao integrarse na rede global "Si á Vida, Non á Minaría" ▶ 22

EUROPA. A ECVC demanda unha nova PAC no sexaxésimo aniversario do Tratado de Roma ▶ 25

MULLERES. XII Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG en Mondoñedo ▶ 27 a 29



séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

O balance de dous anos sen cotas: 1.000 granxas menos e os peores prezos do Estado

Co remate da campaña 2016-2017 no sector lácteo, cúmprense dous anos dende que desapareceu o sistema de cotas lácteas. O triunfalismo de moitos daquela, hoxe desapareceu. Polo medio, tivemos unha das peores crises de prezos que se recordan e pecharon máis de 1.000 granxas: das 9.484 explotacións en activo que había en abril de 2015, pasamos ás 8.401 que contabilizaron os últimos datos do sector, correspondentes a marzo de 2017.

Asemade, a crise de prezos que asolou a Unión Europea teima en facerse crónica na Galiza, onde as nosas granxas seguen a soportar valores dos máis baixos en Europa mentres en moitos países recuperaron a rendibilidade. A pesares de que o prezo medio na Galiza situábase en marzo nos 30'2 céntimos por litro, a maioría das nosas granxas están a percibir remuneracións entre 26 e 28 céntimos. Moi lonxe dos prezos medios de países como Alemaña (34'13), Francia (35'15) ou Irlanda (35'85). En comunidades veciñas como Asturias o prezo medio está en 33'7 céntimos. Teríamos que ir aos Países Bálticos para atopar prezos semellantes aos galegos, pero alí os custes de produción son moito máis reducidos que no Estado Español, onde o Ministerio de Agricultura sitúa o gasto por litro de leite en 34 céntimos. É dicir, seguimos vendendo o noso leite a perdas.

En dous anos sen cotas, e co acicate da crise, poderíase agardar que poderes públicos como o Ministerio de Agricultura ou a Consellaría de Medio Rural levasen a cabo políticas dirixidas a fortalecer as nosas granxas coa redución dos custes de produción e a mellora dos prezos. Pero o único que fixeron foi redactar un Acordo Lácteo

“De seguirmos por este camiño, o sector lácteo galego seguirá a ser o máis prexudicado, até o punto de que agora é posible que as industrias aposten por deslocalizar para reducir custes, de maneira que nin Galiza, nin o seu clima, nin os seus pastos naturais, nin as súas granxas, serían necesarias xa para fornecer de leite o Estado Español”

de boa vontade que asinaron as industrias e as cadeas de distribución, xunto con algunha organización agraria entre as que non estivemos nin a COAG nin o Sindicato Labrego Galego, e que denunciámos dende o primeiro día porque o documento non comprometía nin obrigaba a nada. Co meirande das nosas explotacións cobrando por baixo dos 30 céntimos, as industrias impondo nos contratos as condicións leoninas que lles peta e as grandes superficies comerciais utilizando o leite como produto reclamo ao seu antollo, o tempo deunos a razón.

Outras políticas que poderían ser favorables para as granxas, como dotalas de suficiente base territorial para que reduzan os custes de produción, seguen estancadas mentres Ence utiliza a nosa terra como un plantío privado de eucaliptos para producir celulosa.

✓ A liberalización do sector acabará traendo a deslocalización

As mesmas políticas e os mesmos políticos que se gaban dunha suposta recuperación de prezos no sector, que na Galiza seguimos sen ver, agora aplauden a iniciativa dunha empresa navarra que pretende construír unha granxa con 20.000 vacas de leite en Noviercas. Precisamente, a fin do sistema de cotas liberalizou o sector, de maneira que calquera pode producir leite libremente onde queira. Se este modelo de granxa se autoriza, será o principio da fin do sector lácteo galego, pois 40 granxas deste tamaño, construídas nas inmediacións dos grandes núcleos habitados do Estado, poderían producir o leite que produce agora o sector lácteo español; só quince, poderían substituír as 8.401 explotacións que quedan na Galiza.

O sistema de cotas non era perfecto, pero a liberalización salvaxe que agora se impón é aínda peor. De seguirmos por este camiño, o sector lácteo galego seguirá a ser o máis prexudicado, até o punto de que agora é posible que as industrias aposten por deslocalizar para reducir custes, de maneira que nin Galiza, nin o seu clima, nin os seus pastos naturais, nin as súas granxas, serían necesarias xa para fornecer de leite o Estado Español.

Por iso, dende o SLG seguimos reclamando a necesidade de facer políticas públicas de control da produción e dos mercados que garantan prezos dignos e unha distribución racional e xusta da capacidade produtiva dos diversos territorios. O contrario, seguir co sector liberalizado como até o de agora, supón rubricar a sentenxa de morte do leite galego.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Anxo Pérez Rúa, Xabier Gómez Santiso, Maria Vieites, Margarida Prieto Ledo, Diego Sánchez Agra, Isabel Vilalba Seivane, Ángeles Santos e Carme Cabarcos.

PECHE DE EDICIÓN 23-05-2017

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Avenida de Santiago 17, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

Os últimos datos publicados sobre o eucalipto na Galiza demostran que o seu cultivo se atopa completamente desbordado, superando en mais de 200.000 hectáreas as expectativas marcadas no Plan Forestal de Galicia do ano 1992. Así as cousas, a superficie plantada con eucalipto na Galiza anda arredor das 400.000 hectáreas, superando todas as previsións.

Nos últimos meses, a Consellería do Medio Rural está a elaborar un novo decreto para regular a plantación de eucaliptos. O borrador do decreto, ao que tivemos acceso no Consello Forestal de Galicia, non fai máis que trasladar o que xa contempla a Lei de Montes e, a maiores, engade unha restrición xeográfica consistente en permitir o *Eucalyptus globulus* e o *Eucalyptus nitens* nas provincias de A Coruña e Pontevedra e na Mariña de Lugo, ampliando a zona permitida do *nitens* á zona centro de Lugo. Quedaría excluída a utilización do eucalipto na zona sur e montaña oriental de Lugo, así como na provincia de Ourense.

Cómpre dicir que, en todo o territorio no que se permite o cultivo do eucalipto, este segue fóra de control e expandíndose de maneira caótica, pois non hai ningún tipo de regulación e as masas de eucalipto seguen a proliferar, en moitas ocasións en lugares que non son os idóneos para o seu crecemento, coa consecuente afectación por pragas e o gasto de recursos que implica combatelas.

Outra consecuencia da proliferación do eucalipto foi a perda de industria relacionada co serrado de madeira de frondosas caducifolias, feito que xa comeza a afectar tamén á viabilidade do aproveitamento do piñeiro.

De como o eucalipto se nos foi das mans

por **Diego Sánchez Agra**, Enxeñeiro Forestal do Sindicato Labrego Galego



Todo isto sen contar coas forestacións ilegais en terra agraria, que leva anos denunciando o Sindicato Labrego Galego, e que deixan sen base territorial suficiente a miles de explotacións agrogandeiras no país e mingua aínda máis a nosa capacidade para producir alimentos.

Outra cuestión é, dentro do cultivo do eucalipto, a substitución que se estivo facendo nos últimos anos do *globulus* polo *nitens*, gañando terreo esta última especie ano tras ano. Aínda que a produtividade do *nitens* poida parecer maior e resiste máis as xeadas, o certo

que este non rebrota de cepa e non está exento de que lle afecten pragas como a do gurgullo. Por outra banda, e o que é peor, a industria está a dicir que non pode mercar máis nitens a pesares de que segue a producir e vender planta desta especie.

✓ Un novo perigo: o eucalipto como cultivo enerxético

Tamén se pode ver a nova tendencia da industria na Galiza, xa que ENCE (Energía y Celulosa) apunta cara a onde se vai orientar agora o eucalipto: plantacións destinadas á xeración de enerxía queimando ma-

deira. Isto fainos temer que, no futuro, a usurpación de monte e de agras por plantacións de eucalipto medre aínda máis coa escusa dos cultivos enerxéticos e en detrimento dos usos gandeiros, agrarios e forestais do solo.

A lexislación actual, tanto forestal e ambiental como paisaxística e de conservación do patrimonio natural é moi clara con respecto ó eucalipto no que respecta a condicións das plantacións forestais, cambios de actividade, distancias, usos do solo permitidos, etc. Ademais, as directrices para a revisión do Plan Forestal de Galicia, elaboradas recentemente e nas que participou o SLG, din que “*debería manterse ou reducirse a superficie arborada ocupada por eucalipto*”.

Dende o Sindicato Labrego Galego pensamos que é necesaria unha nova política forestal, encaдрada na ordenación do territorio e respectando a conservación ambiental e paisaxística, que combata o negocio do lume, que non converta os montes en desertos verdes, que protexa as terras agrícolas e os usos gandeiros, e que fomente a xestión e aproveitamento das frondosas autóctonas, regulando os cultivos forestais (especialmente as especies de crecemento rápido), de maneira que permita unha mellor distribución en zonas favorables para o seu cultivo e limite a súa proliferación descontrolada.



GANDERÍA INDUSTRIAL ▶ Quince explotacións coma esta poderían cubrir a produción das case 8.500 granxas galegas; corenta, abastecerían o total do Estado Español

Unha empresa navarra quiere construír unha granxa de 20.000 vacas en Soria

Tanto dende a COAG como dende o SLG estamos a facer unha intensa campaña a todos os niveis para frear o proxecto

Dende que se coñeceu a nova da empresa que pretende construír unha granxa de 20.000 vacas en Noviercas (Soria), tanto a COAG a nivel estatal, como o Sindicato Labrego Galego na Galiza, desenvolvemos unha intensa campaña de denuncia para tentar deter esta aberración que vén de poñer en xaque todos os modelos gandeiros vixentes na Unión Europea.

A campaña tivo diversas fronteiras que foron dende a recollida de sinaturas en change.org e granxa a granxa, até contactos

A granxa de Noviercas suporía un desastre medioambiental, social, económico e sanitario sen precedentes no agro. Vexamos os porqu coastos principais partidos políticos, tanto nas Cortes Xerais como no Parlamento de Galicia. Mesmo chegamos a poñer esta crise en coñecemento do comisario de Agricultura, Phil Hogan, aprovei-



A secretaria xeral e a responsábel do sector lácteo no SLG, Isabel Vilalba e Lupe Prado, ofreceron unha rolda de prensa para denunciar o modelo de Noviercas

ando a súa presenza en Madrid, o 27 de marzo, con motivo da Conferencia Internacional sobre a PAC. Ademais, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, introduciu este problema na

axenda da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), nos encontros de traballo que tiveron lugar en Roma ao redor do 25 de marzo; e foi tratado na última xuntanza do Grupo de Diálogo Civil do Leite, organizado pola CE en Bruxelas.

Nunha rolda de prensa ofrecida en Lugo, o 30 de marzo, Isabel Vilalba e a responsábel do sector leiteiro no SLG, Lupe Prado, analizaron para a prensa o impacto que tería construír e poñer en marcha a granxa de Noviercas. A conclusión á que chegaron é que autorizar un modelo de semellantes dimensións equivale a asegurar a destrución dos empregos que dependen da agricultura e deixar o medio rural sen a súa principal fonte de riqueza.

millóns de euros. Non está de máis lembrar que o orzamento da Xunta para compensacións por sacrificios obrigatorios para erradicar enfermidades animais é de 300.000 € para todo 2017.

▼ **Calidade:** España converteríase no principal produtor de leite-lixo de Europa, fronte a países coma Irlanda, que apostan polo produción en base a pastos e forraxes naturais, ou Francia, onde a Confédération Paysanne logrou paralizar un proxecto de granxa de 1.000 vacas, pequena en comparación coa de Noviercas. Este sería o primeiro paso para facer do Estado Español o líder en subprodutos como leite en po, rendíbeis para grandes empresas pero ruinosos e inviables para as granxas familiares.

180.000 toneladas de leite e 368.000 toneladas de zurro ao ano

▼ **Emprego:** Unha soa granxa con 20.000 vacas podería chegar a producir preto de 180.000 toneladas de leite ao ano, cifra que se achega á produción mensual das 8.433 granxas que seguen activas na Galiza. É dicir, de autorizarse un modelo produtivo destas dimensións, unhas 15 granxas como a de Noviercas poderían substituír as máis de 8.000 que temos na nosa terra.

▼ **Medio Ambiente:** A granxa de Noviercas consumiría entre 4 e 6'35 millóns de litros de auga ao día e xeraría unhas 368.000 toneladas de zurras ao ano, o que implicaría que lei-

tos fluviais, auga potábel puiden verse gravemente afectadas, xerando problemas de saúde pública.

Unha soa granxa como a de Noviercas consumiría a cuarta parte da auga que consume unha cidade como Lugo ou Santiago de Compostela por día; en canto aos refugallo, as 20.000 vacas producirían case o dobre de residuos orgánicos que toda a poboación de Galiza. A empresa pide 6 millóns de euros de cartos públicos para poder tratar os residuos, o dobre dos 3 millóns de euros dedicados pola Consellaría de Medio Rural para as axudas

de apoio ao sector lácteo galego en 2016.

▼ **Benestar animal:** A intensificación da produción sería unha barbaridade, cunha media de 30 UGMs por hectárea.

▼ **Sanidade:** Sería unha bomba a nivel sanitario, pois un só caso positivo de tuberculose bovina, moi posible ao ter que traer animais de diversas procedencias para xuntar unha cabana gandeira tan desproporcionada, obrigaría a sacrificar todas as vacas con cargo a orzamentos públicos. O baleiro sanitario da macro-granxa de Noviercas custaríalle á Administración 14'6



SE QUERES ASINAR CONTRA A GRANXA DE NOVIERCAS, PASA POLA TÚA OFICINA DO SLG, ONDE CHE FACILITAREMOS OS IMPRESOS ONDE FACELO. PARTICIPA!

As macrogranxas son o primeiro paso para deslocalizar a produción láctea

Aínda que a macro-explotación de Noviercas estará a máis de 500 quilómetros de Galiza, de ir para adiante poñerá en xaque o sector lácteo galego. E non é unha esaxeración. Hai que ter en conta que, dende que rematou o sistema de cotas, calquera granxa pode producir sen límites canto leite queira. Sabendo que a granxa de Noviercas poderá producir en 1 ano o leite que producen as 8.433 granxas galegas en 1 mes (preto de 200.000 toneladas), só quince explotacións destas dimensións, como xa dixemos, poderían suplir a potencia produtiva galega actual.

Así as cousas, autorizar a implantación deste modelo de macro-granxas favorecería a súa construción preto dos grandes núcleos de poboación do Estado (área mediterránea e centro peninsular), para fornecelos eliminando os gastos de recollida e minimizando os de transporte.

Isto aceleraría un proceso de deslocalización da produción láctea que xa está en marcha. Un dato a ter en conta: as 17.151 toneladas de caída produtiva na Galiza de 2015, incluído o leite que se tirou na folga de entregas, foron compensadas a nivel estatal por un aumento de produción dun volume similar en Andalucía, Levante e Murcia.

É dicir, as macro-explotacións nin sequera terían que estar na Galiza para forzar o peche das nosas granxas. Por iso, aínda que este proxecto se vaia desenvolver a máis de 500 quilómetros da Galiza, o sector lácteo galego, que agora mesmo fornece o 40% da produción leiteira do Estado, sería o principal damnificado do novo modelo produtivo. Isto é así porque recoller o leite na Galiza supón un alto custe de transporte para as industrias pola dispersión das nosas granxas e pola exportación fóra de Galiza. Agora, sen cotas, nada as obriga a seguir collendo o leite na Galiza. Pascual xa case abandonou a nosa terra; cal será a seguinte?

ETIQUETAXE ▶ Pedimos que calquera envase ou etiqueta identifique o país e comunidade de orixe para que os consumidores poidan decidir que mercan


O SLG presenta alegacións ao decreto de etiquetaxe dos lácteos

A maiores, tamén vemos necesarios datos como as marxes comerciais, a alimentación do gando ou o procesamento

O Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 19 de abril, un documento con cinco alegacións ao proxecto de real decreto sobre a etiquetaxe dos lácteos. Nestas alegacións, pedíuselle á ministra de Agricultura que a información nos envases e etiquetas do leite e dos derivados lácteos, sen excepcións, inclúa datos como o Estado e a comunidade autónoma de orixe. Ademais, dende o SLG rexeitamos totalmente a proposta de informar sobre a orixe do produto con fórmulas xenéricas do estilo “países da UE, países fóra da UE” e solicitamos, expresamente, que se retire este apartado do decreto.

A maiores, tamén pedimos un maior control, revisando o sistema de trazabilidade e incluíndo “un sistema de verificación habitual, por parte das autoridades competentes, de todas as entradas e saídas de produtos nas industrias que aporte garantías adicionais para unha trazabilidade total en caso de problemas de seguridade alimentaria”.

Finalmente, aproveitando o proceso para regular a etiquetaxe, pedímoslle ao Ministerio de Agricultura que responda con esta normativa ás crecentes demandas da sociedade en canto a saúde, transparencia e compromiso social. Por iso, avogamos por que as etiquetas e envases do leite e dos seus derivados recollan tamén información referente a parámetros como a alimentación do gando, o tipo de procesado e mesmo a porcentaxe de remuneración que lle corresponde



O 97% d@s consumidoras/es queren saber a orixe dos produtos

Este tipo de información nos produtos lácteos está a ser cada vez máis demandado pola cidadanía, como demostran os resultados do estudo feito pola Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL), co que colaborou o SLG, no que o 97% das persoas enquisadas (gráfico de arriba) queren que sexa obrigatorio indicar a orixe do leite na etiqueta. O estudo tamén revelou que a inmensa maioría da xente enquisada ve necesario incluír datos como a alimentación do gando, a orixe do ingrediente principal, o tipo de procesado, o lugar de envasado e as marxes comerciais.

aos gandeiros e gandeiras con respecto ao prezo pagado po-

los consumidores e consumidoras.

PATACA ▶ Aínda que a Consellaría de Medio Rural coñecía a existencia da praga dende 2015 e tiña os datos no pasado outono, non fixo oficiais as medidas de loita até marzo

A desidia da Xunta favorece a expansión dunha praga de couza guatemalteca

Prohíbese o cultivo de pataca en 31 concellos do norte de Lugo e A Coruña e farase vixilancia noutros 16 dos arredores

O sector da pataca en Galiza viuse sacudido, neste 2017, por unha praga da que, até agora, pouca xente escoitara falar: a couza guatemalteca (*Tecia solanivora*). Trátase dunha avelaíña cuxas larvas se desenvolven nos tubérculos da pataca, causándolle importantes danos. Agora mesmo, hai 31 concellos do norte da Coruña e Lugo que están en corentena: Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes na provincia da Coruña. E na de Lugo son os municipios de Cervo, Foz, Xove, Viveiro, O Vicedo, Burela, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Ourense, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.



Nestes concellos, quedou prohibido o cultivo de pataca durante dous anos e ordeouse a destrución do tubérculo xa cultivado neste e en anteriores anos. Tamén quedou prohibida a entrada e venda de pataca de semente, a venda de pataca a granel e o tránsito de tubérculos; só poderá entrar pataca controlada e debidamente envasada para consumo. Os almacéns, sexan empresas ou particulares, deberán destruír a pataca que teñan e facer tarefas de desinfección e

prevención.

Ao redor desta zona declarada como infestada, haberá unha marxe de cinco quilómetros que actuará como tampón e afecta a Pontedeume, Monfero, Xermade, Muras, Vilalba, Cospeito, Castro de Rei, Pol, Meira, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, As Somozas, Moeche, Cerdido, Cedeira e Cariño. En cinco destes concellos, os de Moeche, Cerdido, Cedeira, Cariño e As Somozas, ao abranguer a franxa o 95% da súa superficie, establécese

como zona tampón todo o territorio. Na zona tampón, haberá vixilancia intensiva e deuse orde de comunicar todas as plantacións de pataca que se fagan.

Se algo quedou claro nesta crise, é que a Xunta puido ter actuado ben antes de que a praga se estendese como xa fixo. De feito, a couza guatemalteca xa era unha vella coñecida da Consellaría de Medio Rural, que tiña constancia da súa presenza en Ferrol dende o ano 2015 (a praga deuse por primeira vez en Europa nas Illas Canarias, en 1999). Sen embargo, nada se fixo para evitar a súa expansión dende aquela. De feito, nin sequera houbo unha actuación inmediata en canto se tiveron os datos e informacións necesarios para facelo, no outono de 2016, deixando pasar varios meses nos que deu tempo a mercar e botar a semente en moitas leiras dos municipios afectados. De feito, a orde que regula a corentena non saíu publicada no Diario Oficial de Galicia até o 10 de marzo.

Axudas cativas que deixan perdas de 4.000 €/ha

As axudas para compensar as perdas pola couza son manifestamente insuficientes. A Consellaría de Medio Rural puxo 250.000 euros para afrontar as indemnizacións, que irán dos 30 céntimos por quilo para o tubérculo de consumo producido nas explotacións aos 70 céntimos para a pataca de semente. No caso da xa plantada, a indemnización será de 40 céntimos por metro cadrado de superficie.

Antes de que saíse a orde, dende o SLG instamos a Medio Rural a indemnizar as explotacións da área afectada que producen pataca para vender. Trátase de explotacións de horta ou mixtas que dedican unha considerable superficie á plantación de pataca para a súa venda directa ou a almacenistas que terán cuantiosas perdas ao non poder cultivar.

Cómpre ter en conta que a prohibición de plantar se fixo dunha maneira precipitada e

a última hora, cando a Consellaría tivo toda a información e datos precisos para tomar a decisión entre outubro e novembro; porén, impuxo as restricións en plena época de plantación, polo que non deixou marxe de manobra para substituír os cultivos por outros e planificar unha nova campaña.

✓ O SLG pide a cobertura do lucro cesante

Por iso, dende o SLG instamos a Medio Rural a que, á hora de fixar indemnizacións, cubrixe tamén o lucro cesante das explotacións que cultivan pataca para vender. Na zona afectada, segundo nos fixeron saber produtores e produtoras afectadas, a produción de pataca está en torno aos 25.000 quilos por hectárea. Vendéndooas a un prezo medio duns 45 céntimos por quilo, que é ao que se adoita pagar na zona afectada, esas patacas xerarían

uns ingresos 11.250 euros por hectárea, aos que teríamos que restar uns 3.000 euros polos custes de produción. Polo tanto, o lucro cesante das explotacións afectadas debería roldar uns 8.000 euros por hectárea, e debería ser responsabilidade directa da Consellaría de Medio Rural abonalos para afrontar a crise e compensar as consecuencias da súa demora e falta de planificación.

Por iso, a compensación de 40 céntimos por metro cadrado plantado semella unha broma de mal gusto, habida conta que, cos datos devanditos, as rendas netas xeradas por ese metro cadrado serían de 80 céntimos. É dicir, as perdas para as explotacións afectadas, despois de cobrar a indemnización, serían de 4.000 euros por hectárea, perdas só achacables á desidia e tardanza en actuar da Consellaría de Medio Rural.

A pataca, dende que se introduciu en Europa procedente de América no século XVI, foise facendo pouco a pouco un oco na dieta do vello continente. Así, chegou a ser un cultivo fundamental e un quita-fames na meirande parte de Europa, dado que se cultivaba en períodos libres de xeadas e se desenvolvía baixo terra, feito que facía que non estivesen tan expostas ás adversidades climáticas como os cereais, chegando a ser unha especie de seguro alimentario.

Pero a intensificación do cultivo da pataca tamén trouxo aparelhada a aparición de pragas e doenzas. A importancia do cultivo da pataca como alimento básico da poboación e a incidencia, cada vez máis importante, dos problemas fitosanitarios neste cultivo, quedaron reflectidos en moitos libros de historia con episodios como a fame negra irlandesa causada pola escaseza de pataca entre 1845 e 1849 a casa do mildeu; o que xa non contan tanto os libros de historia é que a causa principal desa fame negra, xunto coa escaseza de patacas, foi o acapareamento exclusivo por terratenentes das superficies cerealeiras de Irlanda e do Reino Unido.

Que a pataca é un cultivo cunhas altas propiedades alimenticias e cunha gran versatilidade na cociña é innegable, tanto soas como acompañadas, recibindo numerosas aplicacións culinarias: fritas, en tiras ou en toros, chips, cachelos, panadeiras, bravas, en puré... Na industria, as patacas feculeiras empréganse para a obtención de féculas, almidóns e glucosa, con multitude de aplicacións.

Respecto ao consumo en fogares, a media estatal de patacas frescas chega aos 30 quilos per cápita, sendo maiores os niveis de consumo en Galiza e Asturias, con máis de 47 quilos, seguidas moi de preto por Canarias con 46 kilos per cápita. Este maior consumo coincide coas tres comunidades nas que, casualmente, se acomodou a tan soada couza guatemalteca (*Tecia solanivora*). Trátase dunha praga

Cos sistemas de sanidade vexetal actuais, a couza guatemalteca vén para quedar

por Anxo Pérez Rúa, técnico do Sindicato Labrego Galego na comarca da Limia



común e corrente que afecta á calidade comercial das patacas, con danos moi semellantes aos que orixina actualmente a couza común (*Phthorimaea operculella*) e que xa temos dende hai tempo ben espallada por todo o mundo sen acaparar tanta atención dos medios de comunicación.

O problema desta praga é que está incluída como organismo de corentena na lista A2 da EPPO (Organización Europea para a Protección de Plantas), por ser una praga que estaba circunscrita a unha zona determinada. A couza guatemalteca foi incluída nesta lista no ano 2000, trala súa aparición en Canarias no ano 1999. Posteriormente, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente elaborou un Plan de Continxencia desta praga para erradicala e evitar que se espalle por máis rexións. Pero a día de hoxe, é evidente que estas medidas non foron efectivas porque non se erradicou en Canarias e xa chegou á Península polo noroeste.

Estes antecedentes poñen de manifesto que aprobar simplemente unhas medidas de continxencia, sen un apoio económico e técnico para aplicalas, non

abonda. O que están a facer agora mesmo o Ministerio de Agricultura e a Consellaría de Medio Rural límitase á adopción dunhas medidas pasivas, como se a súa publicación no BOE e no DOG fosen atallar, por arte de maxia, o problema.


Que os sistemas actuais de sanidade vexetal non son efectivos ponse en evidencia no caso da couza guatemalteca. Os servizos técnicos non foron quen de detectar a tempo un problema. Cómpre lembrar que foi no ano 2015 cando un particular levou as súas patacas, a título individual, a un laboratorio de referencia, porque viu que tiñan unha doenza descoñecida. A lentitude en reaccionar agrávase o desmantelamento da rede de oficinas agrarias comarcais, que xa só sobreviven como lugares para realizar trámites burocráticos, desprovistas do meirande dos cometidos para os que foron concibidas cando se crearon. Así as cousas, hoxe é imposible saber na Galiza o alcance real da praga. Os xefes de servizo de Sanidade da Consellería de Medio Rural achacan todo esta ineficiencia á globalización, sen recoñecer nin afondar nas eivas dos servizos de sanidade vexetal.

A única medida efectiva para a erradicación da couza guatemalteca pasa por non cultivar patacas, dado que son as súas únicas hospedeiras. Sen patacas, cúrtase o ciclo dunha praga para á que as medidas fitosanitarias non son a panacea. Sabendo como sabemos que o cultivo da pataca está fondamente arraigado en todas e cada unha das aldeas de Galiza, e que a pataca de autoconsumo é un dos piares fundamentais na alimentación de miles de familias, o control efectivo da praga prevese complicado.

Sen minimizar a importancia da praga nos cultivos de patacas, o problema principal da couza guatemalteca é lexislativo. Agora mesmo, a simple presenza da couza guatemalteca nunha zona, limita a libre comercialización da produción a outras zonas coa escusa de evitar o seu posible espallamento. E isto provoca que as zonas declaradas libres da praga teñan unha maior vantaxe comercial.

A día de hoxe, podemos dicir que se perdeu un tempo decisivo na detección da praga, feito agravado ao non ter feito unha prospección seria do seu alcance real dende que soubemos do primeiro caso en 2015 na zona de Ferrolterra.

Se cadra, detrás deste desguisado está o feito de que as diversas autoridades competentes non lle deron a importancia que ten ao cultivo de pataca para autoconsumo e como peza esencial na alimentación de moitas familias, sobre todo no noroeste da Península. Ese desprezo fixo que non se adoptasen a tempo medidas efectivas para erradicar a praga da couza guatemalteca que, visto o visto, sen dúbida veu para quedar.



Neste mapa dos concellos afectados polas restricións para o cultivo de pataca na Galiza podemos como evolucionou o avance da couza guatemalteca @PrazaPublica



Dúas imaxes do Congreso de Vacún de Carne que se celebrou o 12 de febreiro en Guitiriz: á esquerda, vista xeral das asistentes; á dereita, intervención de Isabel Vilalba

CONGRESO DE VACÚN DE CARNE ▶ Lois Varela Carreira, de Carteira (Palas de Rei) e Inés Casabella Requeijo, de Fanoi (Abadín) encabezarán a nova Dirección Sectorial

O grupo de traballo para enfrontar os problemas da carne de vacún bota a andar

As eivas da IXP Tenreira Galega suscitaron algúns dos debates máis intensos por parte dos gandeiros e gandeiras que asistiron

O Sindicato Labrego Galego celebrou, o 12 de febreiro en Guitiriz, o seu Congreso de Vacún de Carne no que, ademais de elixir unha dirección sectorial, nomeou un gandeiro e unha gandeira como responsábel e vicesresponsábel sectoriais: Lois Varela Carreira, d'A Conguada (Carteira, Palas de Rei) e Inés Casabella Requeijo, de Fanoi (Abadín). Ambos darán relevo ao seu predecesor e predecesora: Xosé Luís López Galán (Pedrafita do Cebreiro) e Mercedes Alonso (Cotobade). Ademais dunha dirección sectorial, no Congreso do SLG tamén se elixiu un grupo de traballo que se encargará da axenda deste sector no día a día Sindicato Labrego Galego.

Polo demais, o Congreso de Vacún de Carne do SLG serviu para que a afiliación debatese sobre os principais problemas e desafíos aos que se enfronta este

sector. En certo modo, os debates, ademais do relatorio congresual, serviron para bosquejar a axenda do grupo de traballo. Cuestións como os prezos, a comercialización, a IXP Tenreira Galega, a fauna salvaxe, as axudas da PAC, o acceso á terra ou os servizos públicos no rural suscitaron os principais diálogos entre a afiliación.

En cuestión de prezos, por exemplo, seguimos con valores moi baixos, en torno aos 4'40 e os 4'60 € por quilo, cotizacións máximas de 4'90 € para gando ecolóxico. Só na venda directa a carnicerías se alcanzan os 5 € por quilo.

No Congreso, analizáronse experiencias de venda directa a clientes que son moito máis rendíbeis; pero, máis alá delas, os gandeiros e gandeiras criticaron feitos que inflúen negativamente nos ingresos das granxas, como que aínda non exista ningún tipo de inspección oficial que evite a fraude nas pesadas dos matadoiros ou a venda enganosa de carne foránea sacrificada na Galiza coma se fose de aquí.

Outra queixa, esta centrada

en Tenreira Galega, é que seguen promovéndose debidamente a carne de Suprema, que é a que dá prestixio á denominación en beneficio da carne de cebadeiros e explotacións intensivas, que seguen a comercializar baixo o paraugas de calidade da IXP.

✓ **Terra e fauna salvaxe seguen a ser problemas prioritarios**

Unha vía para mellorar a rendibilidade das producións é a aposta pola calidade, pero moitas granxas atópanse de fronte coa imposibilidade de aumentar a base territorial para criar gando con alimentación natural en base a pasteiros e forraxes. A forestación ilegal de terras agrarias e o caos territorial son un hándicap consentido, e mesmo favorecido, por unha Xunta de Galicia que mira cara a outra banda e que nin sequera é quen de xestionar eficazmente ferramentas que poderían ser de grande utilidade como o Banco de Terras.

Outra problemática que preocupa seriamente a gandeiros e gandeiras é a convivencia coa fauna salvaxe, sexan ataques de

lobos, sexan de xabaril ou doutros animais. A demanda unánime é que estes danos deben ser custeados pola sociedade no seu conxunto e non polas ganderías damnificadas en exclusiva. E iso, polo tanto, debe traducirse nunhas indemnizacións suficientes, xustas e áxiles por parte da administración, nada que ver co que temos agora: excesiva burocracia, dificultade ou imposibilidade para cobrar e demoras de até tres anos até o ingreso da indemnización. Mesmo os seguros non son eficaces, dadas as misérrimas compensacións que quedan en nada pola presión fiscal-computan no IRPF como beneficios da granxa- e polas penalizacións ao dar parte.

As axudas da PAC poden paliar en parte a baixa rendibilidade da profesión ocasionada por problemas coma os devanditos. Porén, nin sequera neste eido é efectiva a administración, con algunhas PACs de 2015 aínda sen cobrar e todas as de 2016; en canto ás axudas agroambientais, a finais de 2016 aínda non se sabía se foran aprobadas as de 2015.

O sector aposta pola xente nova para encabezar a Dirección de Vacún de Carne do SLG

A Dirección de Vacún de Carne do SLG saída do Congreso terá varias incorporacións de xente nova que, sen dúbida, achegará os azos e ilusión dunha mocidade que, de seguro, casarán ben coa experiencia da xente máis veterana. Unha boa mostra disto son o responsábel e a vicerresponsábel do sector elixidos, Lois Varela e Inés Casabella, con 40 e 36 anos respectivamente.

Polo demais, a Dirección da Carne do SLG estará integrada por (en negriña, as persoas que forman parte do Grupo de Traballo): **Lois Varela Carreira** (Palas de Rei), Pablo Losada Álvarez (Becerreá), María Pilar Frey Castro (Pedrafita do Cebreiro), María Carmen Varela Mera (Guntín), **Juan Valcarcel** (O Corgo), Antonio Sanmartín Díaz (Aranga), María Teresa López Núñez (Curtis), Ramón Manuel Quintián Santamariña (Aranga), Marisol Sánchez Estraviz (Curtis), Xosé Ramón Cea Carreira (Arzúa), María Soledad Ares Bande (Toques), Sergio Boado Seonane (Irixoa), Samuel Formoso Salgado (Vilar de Barrio), **Sonia Vidal Lamas** (Xunqueira de Ambia), María Jesús Carreira Feijóo (Vilalba), **José Carracedo Domínguez** (Vilalba), **Adolfo Cabarcos Saavedra** (Xermade), **Inés Casabella Requeijo** (Abadín), **Mercedes Alonso Lorenzo** (Cotobade), Arturo Baqueiro Gabián (A Lama), José Loureiro Calviño (A Estrada), Isidro Peleteiro García (Cerdedo), José Ángel Oro Trastoy (Agolada) e Concepción Fernández Méndez (Agolada), José Cabañas González (Sarria) e Jesús Pardal Castro (Rois).

A maiores, tamén forman parte do Grupo de Traballo da Dirección de Vacún de Carne Manuel Cabañas Pérez (Sarria) e Jesús Pardal Castro (Rois).

Dentro do proceso congresual, aínda quedan pendentes por celebrarse algunhas asembleas comarcais, polo que nos vindeiros meses haberá novas incorporacións na Dirección.



De arriba a abaixo: o novo responsábel do sector de Vacún de Carne no SLG, Lois Varela, na súa explotación da Conguada (Carteire, Palas de Rei); primeira xuntanza do grupo de traballo sectorial; e un dos moitos debates que se sucederon no transcurso do Congreso

Os problemas do sector na voz

ROBERTO LOUZÁN ALONSO ▶ Viascón (Cotobade)

A fauna salvaxe


Roberto xestiona unha explotación ecolóxica en Viascón (Cotobade) na que cría gando vacún para carne de raza Frieiresa e Caldelá e cabras. Para iso, conta coas 63 hectáreas do monte comunal da parroquia, totalmente pechadas.

“O problema máis grande que temos é co lobo”, relata Roberto. “No último ano, matoume unhas cen cabezas de gando, entre vacas e cabras, sen contar abortos e animais que morren posteriormente a causa das feridas. Chega un momento en que ter estes ataques convértese en rutina”.

A pesares da gravidade do problema, e a pesares de ter acudido a queixarse directamente á delegación de Medio Rural en Pontevedra, e mesmo á propia Consellaría, *“non nos dan ningunha solución máis alá das batidas. Din que cerquemos e poñamos mastíns, pero nós xa temos todo cercado e dous cans de garda: un Pastor do Pirineos e un*

Pastor do Cáucaso. Este último tamén foi atacado polo lobo e téñoo recuperándose das feridas”.

Sen solucións para evitar os ataques, as axudas para compensalos tampouco funcionan: *“Aparte de tardar en pagar entre 2 e 3 anos, polas cabras de máis de 6 anos dánche 26 euros, 31 euros se están inscritas no libro de razas. Son indemnizacións ridículas para animais de 6 anos en produción. Iso sen contar cando che mata cabras preñadas ou cando estas abortan a causa dos ataques. Iso xa non se paga. Por se non abondase, as indemnizacións computan como beneficio no IRPF, cando en realidade se trata de perdas. Ademais, ao declarar os ataques, Agroseguro vainos subir a póliza por todas as incidencias cubertas. Cando o camión de recollida de cadáveres vén recoller os animais, ao cubrilo o seguro tamén conta como beneficio para Facenda. A indemnización dos gastos veterinarios as-*



cende ao 10% do valor do animal. Se che dan 30 euros por unha cabra, vanche dar 3 para gastos veterinarios, cando un profesional che cobra uns 40 € só polo desprazamento e a consulta de campo. Por exemplo, nos últimos ataques quedáronnos 11 cabras mordidas, que supuxeron máis de 400 € de gastos veterinarios e polas que obterei pouco máis de 300 € de indemnización e algo máis de 30 € para gastos veterinarios. Así as cousas, xa non sabes se é mellor deixar morrer o ani-

mal antes que chamar polo veterinario”

Como alternativa, Roberto pon o exemplo de Castela e León, onde *“á semana de dar parte, cobras a indemnización. Se as indemnizacións se pagasen nun prazo razoable e cubrisen as perdas que sufrimos, aínda que un ataque nos crea serios trastornos, sempre axudaría a manter a actividade. Tal e como están as cousas hoxe en día, pasóusenos pola cabeza pechar a explotación e abandonar”.*

XOSÉ BLANCO BLANCO ▶ Cimadevila (Montederramo)

Comercialización

Xosé Blanco é un veterano na cría de gando vacún para carne. Ten pasado moitas na parroquia de Cimadevila (Montederramo, Ourense). Crises como as da brucelose ou as vacas tolas foron para Xosé oportunidades e un acicate para a súa aposta pola venda directa a consumidores finais. Hoxe, amais de criar becerros de razas autóctonas, exporta bois para competir no arrastre de pedra en Euskadi e está probando coa cría de boi de raza vianesa para carne.

Tras participar nunha sociedade con outras granxas para comercializar, non tardou en seguir en solitario, apostando por vender a particulares. *“Daquela era*

máis doado comercializar que agora porque as familias eran máis grandes e mercábanche un canal sen problemas. Agora vendo canais, pero tamén medios canais e cuartos”. Curiosamente, cando o sector se afundía pola crise das vacas tolas, a granxa de Xosé pulaba cara a adiante porque *“a xente colleu tanto medo ao penso que veu a min porque sabían que cebaba os xatos con leite e pastos se pasan dos oito meses. Así, según vendendo a particulares e hoxe teño sobre 40 clientes”.*

A vantaxe de vender directamente son os prezos: *“ao comezo, propúxenlles aos clientes un prezo de 1.000 pesetas/quilo para poder vivir dignamente do*



meu traballo, e estiveron de acordo. Despois, pasamos a 6 euros, e pagaban eles matadoiro e despece. Hoxe cobro 8 euros por quilo, pagando eu o matadoiro e o despece. Se vai envasado ao baleiro, entón aumento a 10 euros

por quilo”. Como desvantaxe, *“eu teño que romperme a cabeza polas noites para poder vender e mirar de captar novos clientes, mentres que o que lle vende ao carniceiro dedícase só a cebar e esquecese do conto”.*

dos gandeiros e das gandeiras

SONIA VIDAL LAMAS ▶ A Pousa (Xunqueira de Ambía)

Incorporacións

Sonia Vidal estivo desenvolvendo, durante once anos da súa vida, unha prometedora carreira no sector da moda como xestora de materiais de dúas importantes marcas téxtiles, mentres que o seu home traballaba no sector da construción. Ambos decidiron mudar de estilo de vida e, para iso, apostaron pola profesión gandeira. Para iso, comezaron paseniño, con só cinco cabezas de gando. Actualmente, teñen 35 vacas, cos becerros a maiores, e van diversificar coa instalación dunha granxa de pavos.

A pesares de que dende a Xunta se lles enche a boca ao afirmar que apostan polo rural, á hora da verdade calquera incorporación á actividade agraria ten que superar unha morea de atrancos administrativos. “Eu in-

corporeime no ano 2015”, recorda Sonia. “Daquela, concluímos que sería bo diversificar, e decidímonos a complementar o gando vacún cunha granxa avícola. O tema burocrático e de papelame é abismal, é o maior problema que podemos ter os mozos e mozas que nos incorporamos á profesión labrega. Fánse nos moitas promesas para animarnos a incorporarnos, pintan todo maravilloso, pero á hora de incorporarte só che poñen atrancos. Dende as oficinas agrarias comarcais pídenche documentación, e ti entrégala. Ao principio, semella que todo está correcto, pero ao pouco volven esixirche máis documentación, e máis, e acabas pensando que o proceso burocrático nunca vai rematar. Eu decidín incorporarme en 2015



e aínda agora, a comezos de 2017, acaban de aprobarnos as axudas”.

A pesares das dificultades, o cambio de vida compensa. “O que máis me dá esta profesión é a posibilidade de compatibilizar o traballo e a familia. Se tes nenos e nenas, pódennos axudar, están todo o tempo en contacto coa natureza. As nosas fillas axúdannos

en todo o que facemos. Se algún día imos ao monte coas vacas, aproveitamos para apañar xuntas castañas e cogomelos. É un cambio radical de vida, pero gústanos vivir no campo. Na gandería, o traballo é a túa vida. Non é como outras profesións nas que o teu traballo comeza e remata co horario laboral”.

ELITA REQUEIJO PITA ▶ Fanoi (Abadín)

Base territorial

Un dos maiores atrancos para o desenvolvemento de moitas granxas na Galiza é a dificultade para acceder a unha base territorial suficiente. A forestación ilegal de terras agrarias é un problema que se sofre en todo o país, e diso falamos con Elita Requeijo Pita, unha gandeira de Fanoi (Abadín) que cría vacas para carne en ecolóxico e que, nos últimos tempos, tivo que loitar contra a intención do concello de permitir os cultivos forestais en boa parte da concentración parcelaria da parroquia.

“Aquí houbo un conflito forte”, relata Elita, “porque o concello pretendía permitir que a metade da concentración parcelaria fose destinada a usos forestais e para plantar eucalipto. Mobilizámonos e hoxe o proceso está paralizado”.

Quizais esa actuación do concello reflicte un sentir moi esten-

dido entre a xente que ten propiedades no rural pero que non as traballa. “A maior parte das fincas son de xente que non vive aquí”, explica, “polo que a única utilidade que só vén útil é facer plantacións forestais. De todos xeitos, agora mesmo ninguén se arrisca a plantar en terras agrarias porque xa fixemos algunha protesta. Se non, chegaríannos plantando á soleira da porta”.

Tal e como conta Elita, trátase dunha loita na que as granxas teñen a lei da súa man, pero na que a administración -concellos e Xunta- son cómplices das persoas que delinquen: “Coas terras agrarias, ao final cadaquén fai o que lle peta. Nós temos serios problemas coas plantacións forestais, que nos impiden aumentar a base territorial para ter máis gando. Os propietarios da terras non as alugan, moitos agardan a ver se



as poden plantar de eucalipto, ou directamente plantan sen que nin a Xunta nin o Concello fagan nada por evitalo. Pretenden que os veciños nos enfrontemos uns cos outros. Se non hai denuncia, non pasa nada”.

Máis alá da política municipal, iniciativas como o Banco de Terras “non funcionan. De feito, a xente non mete as súas fincas no Banco de Terras porque está

agardando a ver se pode plantar eucalipto”.

Para Elita, a Xunta debería dar unha viraxe radical ás súas políticas “e mirar polos poucos labregos e labregas que quedamos. Din que o rural morre, pero é que ten que morrer porque non ten ningún tipo de apoio. Hoxe, a unha persoa nova non lle compensa vivir da terra como fixeron os seus avós e as súas avoas”.

DÍA DA LOITA LABREGA ▶ A iniciativa saiu da Asociación Labrega Natura que mantén un mercado ecolóxico semanal

O SLG levou a celebración do 17 de abril á praza de abastos de San Agustín

Nun acto simbólico, leuse un manifesto a prol da Carta de Dereitos Labregos na ONU e houbo exposicións fotográficas

Os labregos e labregas que manteñen o mercado ecolóxico da praza de abastos de San Agustín, na Coruña, levaron a cabo, 18 de abril, un sinxelo acto para conmemorar o Día Internacional da Loita Labrega, que se celebra cada 17 de abril en memoria do Masacre de Eldo-

rado dos Carajás, no que 19 Sem Terra morreron asasinados pola policía militar no estado brasileiro de Pará en 1996.

O acto na praza de abastos, que se celebrou un día despois da efeméride para facelo cadrar co mercado ecolóxico semanal, consistiu nunha mostra fotográfica da xornalista Vera-Cruz Montoto, que ten retratado labregas en diversos lugares do mundo como Chiapas ou Palestina. Ao final, por motivos de espazo, non se puideron expoñer as imaxes sobre as catro déca-



Palabras, imaxes e alimentos para celebrar o Día Internacional da Loita Labrega

das de loita do Sindicato Labrego Galego na nosa terra. O que si se fixo, tal e como estaba previsto polos organizadores do acto -SLG e a Asociación Labrega Natura-, foi dar difusión ás demandas da Via Campesina, neste ano 2017. Neste senso, o texto que leu o labrego Mauro

Álvarez Cortés, membro da Dirección Nacional do SLG, e que, como xa adiantamos, este ano estivo moi centrado na demanda dunha Carta de Dereitos Labregos na ONU, documento que países da Unión Europea como España son moi remisos a apoiar.

HORTA ▶ Os prezos do cabaciño sufriron unha volatilidade brutal, con oscilacións dos 4 € aos 15 céntimos por quilo

A distribución fai o agosto especulando coa caída produtiva de horta en inverno

A vaga de frío que varreu boa parte da Península Ibérica en xaneiro fixo que a produción hortícola se resentise e baixasen as colleitas do sur e levante. Isto provocou que, nun primeiro momento, os prezos aumentasen, tal e como revelou o Índice de Prezos en Orixe-Destino (IPOD) que fai COAG cada mes. Así, a mediados de xaneiro, as marxes acurtáronse, situándose no 50% para berenxenas e 70% nos cabaciños, hortalizas que chegaron a cotizar a 4 € por quilo en orixe.

Como ás grandes distribuidoras non lles debeu gustar esa redución das marxes abusivas coas que habitualmente se lucran, cara a finais de xaneiro os prezos en orixe caeron en picado ao tempo que seguían incrementándose nos supermer-

cados. Por exemplo, os prezos do cabaciño caeron un 62% nas granxas ao mesmo tempo que no comercio subíanos un 14% máis. As berenxenas tamén se depreciaban un 35% en orixe para encarecerse un 17% nos andeis das tendas. Avanzado o ano, os prezos derrubáronse por baixo dos custes de produción. Por exemplo, os cabaciños pagáronse en marzo a 15 céntimos por quilo, cando só apañalos custa 20 céntimos.

Avanzado o ano, o IPOD de abril revelaba unhas marxes comerciais escandalosas para o cabaciño e a berenxena, que rolaban o 1.200% e o 800%, respectivamente.

Dende a COAG explicouse que, unha vez máis, “labregos e labregas, xunto coas persoas que consumen, fomos vítimas das

PRODUCTO	PRECIO ORIGEN (€/kg)	PRECIO DESTINO (€/kg)	DIFERENCIA PRECIO ORIGEN-DESTINO(1)	DIFERENCIA PORCENTUAL ORIGEN - DESTINO	IPOD
ACEITUNAS ENTAMADAS	0,92	4,84	5,26	426%	IPOD AGRÍCOLA 5,09
ACEITE OLIVA VIRGEN EXTRA*	3,94	4,96	1,26	26%	
ACELGA	0,47	2,07	4,40	340%	
AJO	1,75	5,63	3,22	222%	
ALCACHOFA	0,72	2,13	2,96	196%	
BERENJENA	0,20	1,75	8,75	775%	
BROCOLI	0,47	2,71	5,77	477%	
CALABACIN	0,12	1,66	12,92	1192%	
CEBOLLA	0,16	1,07	7,13	613%	
CHAMPIÑON	1,19	3,61	3,03	203%	
COLIFLOR	0,40	1,51	3,78	278%	
LECHUGA	0,16	0,94	5,88	488%	
PATATA	0,35	0,80	2,29	129%	
PEPINO	0,19	1,86	9,79	879%	
PIMIENTO ROJO	0,95	2,60	2,74	174%	
PIMIENTO VERDE	0,60	2,46	4,10	310%	
REPOLLO	0,17	1,26	7,41	641%	
TOMATES DE ENSALADA	0,75	2,22	2,96	196%	
ZANAHORIA	0,37	1,00	2,70	170%	
FRESÓN	0,83	3,02	3,64	264%	
LIMÓN	0,30	1,77	5,90	490%	
MANDARINA	0,34	1,80	5,29	429%	
MANZANA	0,20	1,89	9,45	845%	IPOD GANADERO 3,07
NARANJA	0,29	1,44	4,97	397%	
PERA	0,55	1,66	3,02	202%	
PLÁTANO	0,58	2,10	3,62	262%	
TERNERA 1ª	3,94	16,22	4,12	312%	
CORDERO	2,71	10,65	3,93	293%	
POLLO	1,07	2,93	2,74	174%	
CERDO	1,38	5,36	3,88	288%	IPOD GENERAL 4,66
CONEJO	1,73	5,47	3,16	216%	
HUEVOS M	1,10	1,38	1,25	25%	
LECHE VACA	0,31	0,74	2,39	139%	

* Lechuga(€/ud); Espárrago verde (€/manejo); Huevos €/docena); Ternera (kg/canal); Conejo kg/vivo; Cordero (kg/vivo de 25 kg y pascual 1ª); Cerdo (€/kg para 20kg) y pollo €/kg vivo; Aceituna entamadas; Cítricos (incluida recolección)

(1) - número de veces que se multiplica el precio de origen hasta que llega al consumidor.

IPOD abril 2017

prácticas especulativas das grandes cadeas de distribución que quixeron recuperar a mar-chas forzadas as súas abusivas marxes habituais sen importar-

lles a oferta e a demanda. A si-tuación do campo non mudou tanto dunha semana para outra como para xustificar o derrube dos prezos que houbo”.

VITÍCOLA ▶ Xa houbo mobilizacións en Ribadavia, o 13 de maio, e unha multitudinaria marcha de protesta a nivel provincial na cidade de Ourense, o 23 de maio

O SLG esixe medidas para paliar os danos de xeadas e sarabia en vides, soutos e mel

Houbo DOs como Ribeiro, Valdeorras ou Monterrei con algunhas parroquias nas que o viñado ficou arrasado por completo

Esta primavera ha ser difícil de esquecer para moitos labregos e labregas, especialmente para quen traballa no sector vitícola. Primeiro as xeadas xeneralizadas e, despois, choivas torrenciais e sarabiadas máis localizadas, arrasaron cultivos e viñedos en toda Galiza, chegando os danos a estragar o 100% da colleita en moitas zonas. Tamén foron afectadas producións coma mel e castaña.

Primeiro foron as xeadas, o 27 e 28 de abril. As primeiras estimacións apuntan a que foron danadas 1.800 hectáreas de viñado. No Ribeiro, por exemplo, houbo parroquias como Macendo, en Castrelo de Miño, que quedaron arrasadas por completo, con moitas viñas. Nos territorios doutras denominacións de orixe, como Quiroga en Ribeira Sacra, ou Monterrei, houbo danos semellantes.

Por se non abundase, os trebóns e a sarabia do 9 de maio en Valdeorras tivo efectos devastadores. as parcelas máis castigadas foron as de Vilamartín, pois tras ser un dos concellos máis afectados polas xeadas de abril (xunto a outros como Larouco e A Rúa-Petín, e as parroquias d'As Ermitas e Chandoiro n'O Bolo), que queimaron o 90% das súas vides; agora a sarabia arrasou o que quedaba nas 142 hectáreas de viñado que ten este municipio, cun rendemento medio estimado de 10.000 quilos por hectárea. En total, estamos a falar dunhas perdas preto do millón e medio de quilos de uva.



Miles de persoas indignadas encheron as rúas de Ourense o 23 de maio

✓ Mobilizacións diante do pasotismo da Xunta

A actitude de Medio Rural foi de absoluto pasotismo. A pesar de pedirlle a convocatoria do Consello Agrario Galego para valorar e cuantificar os danos e consensuar axudas urxentes, o departamento que dirixe Ángeles Vázquez non fixo nada ao respecto. Esta actitude anoxou ao sector, que convocou mobili-

zacións. Así, o 13 de maio unha manifestación con máis dun milleiro de persoas encheu as rúas de Ribadavia e, o 23 de maio, houbo unha marcha multitudinaria en Ourense. Seis foron as principais demandas:

1. A declaración de Zona de Emerxencia onde cómpre.
2. Avaliación dos danos polo miúdo a través das oficinas agrarias comarcais.

3. A aprobación dunha liña de axudas urxentes semellantes ás que lles concederon aos viticultores e viticultoras da Ribeira Sacra, en 2016, polos danos da saraiba.

4. A condonación das cotas da Seguridade Social dos viticultores e viticultoras afectadas por un período mínimo de seis meses e rebaixas no IRPF.

5. Créditos a través do IGAPE con xuro cero para garantir a liquidez das explotacións afectadas e negociación dunha moratoria dos compromisos financeiros que estas teñan con entidades bancarias.

6. Renegociación dos seguros agrarios para adaptalos á realidade do Ribeiro.

Ao peche deste Fouce, quedaba convocada unha grande manifestación en Ourense, para o 23 de maio, na que todas as denominacións de orixe da provincia afectadas polas inclemencias meteorolóxicas tiñan pensado facer súas tamén as demandas devanditas.

Os seguros seguen a ser materia pendente e deixan indefensa a nosa viticultura

Dende o SLG denunciámos, unha vez máis, a indefensión de boa parte dos labregos e labregas de Galiza que, no meirande, non subscriben seguros agrarios porque as pólizas non se adaptan á realidade do país, son moi caras e, decotío, dan indemnizacións insuficientes. Así, das 1.800 hectáreas de viñado danadas, só 260 deron parte de danos a Agroseguro. Na Galiza, só o 20% dos viticultores e viticultoras teñen seguro.

Un bo exemplo do devandito, témolo en Valdeorras. Aquí, o custe do seguro é duns 500 € até 20.000 quilos de uva, e sobe a 900 € para asegurar até 40.000. Neste caso, o seguro paga 58 céntimos por quilo de Godello en caso de sinistro, cando esta caste se cotiza a 1 € ou máis. Algo semellante acontece coa Mencía, que o seguro paga

a 63 céntimos. Son coberturas insuficientes que desaniman á hora de contratar pólizas.

Outro atranco é a obriga a asegurar todas as parcelas inscritas no Rexistro Vitícola, algo que encarece moito a póliza e que non ten sentido no minifundio da Galiza, onde unha explotación pode ter parcelas a distintas altitudes, con diversas incidencias por fungos e xeadas, polo que o normal sería contratar seguros só para os viñedos máis expostos.

Por iso, dende o comezo desta crise, dende o SLG instamos a Medio Rural a estudar a fondo esta cuestión para reclamar, ao Ministerio de Agricultura, que os seguros se adapten á realidade dos nosos sectores agrarios para ser unha ferramenta preventiva de crises como a actual.

QUE TRÁMITES DEBO FACER EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABAJO?

■ En primeiro lugar, tes que saber que se considera accidente de traballo: Aquel dano ou lesión que vén como consecuencia da nosa actividade profesional. Por exemplo, as lesións causadas por unha caída plantando cebolas ou polo couce dunha vaca.

PASOS A SEGUIR EN CASO DE ACCIDENTE LABORAL:

■ Se nos facemos dano traballando, e dependendo da súa gravidade, acudiremos ao centro de saúde, ao hospital ou aos servizos médicos da mutua.

■ **É fundamental para unha boa xestión tanto dos accidentes de traballo, das enfermidades profesionais, das enfermidades comúns e accidentes non laborais saber con que entidade (que mutua, a Seguridade Social...) temos as coberturas de accidente de traballo e incapacidade temporal. Se non o sabemos, debemos preguntar na oficina da seguridade social mais cercana ao teu domicilio.**

■ Se o accidente é con baixa médica, será a mutua (se temos a cobertura das prestacións con mutua) ou o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) quen emitirán a baixa médica.

■ Cando é un **accidente con baixa médica** hai un prazo de 5 días dende a data da baixa médica, para tramitar por internet (a través da aplicación Sistema Delta) unha declaración (descrición) do accidente.

■ Cando é un **accidente sen baixa médica**, tamén hai que tramitar por Internet unha declaración máis sinxela do accidente sen baixa. Neste caso tramítase nos 6 primeiros días do mes seguinte ao accidente.

■ En calquera dos casos sinalados anteriormente, se recibimos atención médica no centro de saúde ou no hospital, debemos entregar no SERGAS unha copia da declaración tramitada por Internet.

TRAMITACIÓN DA PRESTACIÓN POR INCAPACIDADE TEMPORAL A CAUSA DUN ACCIDENTE DE TRABAJO

■ Dende a data da baixa médica, temos 15 días naturais para comunicar como queda a actividade, se pechamos ou que persoa queda a cargo.

É MOI IMPORTANTE CUMPRIR ESTE PRAZO DE COMUNICACIÓN.

OS TRÁMITES EN CASO DE ACCIDENTE LABORAL**Documentación a presentar:**

- ▶ Solicitud de prestación (cada entidade ten os seus modelos).
- ▶ Fotocopia dos tres últimos recibos da Seguridade Social.
- ▶ Fotocopia do DNI.
- ▶ Certificado da conta bancaria.

Importante: Levar sempre toda a documentación por duplicado para quedarnos con copia selada.

CANTIDADES A PERCIBIR

■ En caso de accidente de traballo, cóbrase o 75% da base reguladora diaria a partir do día seguinte á baixa médica. Facendo os cálculos coa base mínima de cotización do ano 2016 (893,10€ ao mes e 29,77€ por día), cobraríanse 22,33 € por día.

En canto se aprobe a Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017, a base mínima de cotización será de **918,80 €**.

DURACIÓN DA BAIXA

■ O tempo máximo que se pode estar de baixa médica son 365 días, que se pode ampliar 180 días máis se o decide a inspección médica.

DETERMINACIÓN DA CONTINXENCIA DA INCAPACIDADE TEMPORAL

■ Se despois de ser atendida a persoa nos servizos médicos que lle correspondan, lle denegan a baixa médica por accidente de traballo, por considerar que as circunstancias do accidente non se deben ao traballo e, polo tanto, é unha enfermidade común ou accidente non laboral; existe un prazo para impugnar esa resolución de 10 días.

IMPUGNAR A ALTA MÉDICA POR ACCIDENTE LABORAL

■ Cando nos dan a alta médica, hai que revisar ben o motivo desa alta. Se pon "curación", xa é motivo suficiente para impugnar esa alta. Se non estamos conformes con ela, hai un prazo de 10 días para impugnalas.

PRAZO PARA CAMBIARSE DE MUTUA

■ As persoas que xa temos mutua, podemos cambiala respectando os prazos: tramitar o cambio antes do 30 de setembro de cada ano, facéndose efectivo o cambio a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

■ É importante que cando escollamos mutua comprobemos cales temos preto da nosa casa que dispoñan de servizos médicos propios, xa que de ter só servizo administrativo teríamos que desprazarnos para as revisións médicas para as que nos citen e ás que temos obriga de acudir no lugar onde teñen os servizos médicos. Hai que ter en conta que moitas mutuas teñen eses servizos só na capital da provincia.

SOLICITUDE DE CAMBIO DA BASE DE COTIZACIÓN

■ Hai dous prazos no ano para solicitar o cambio de base de cotización:

▶ Ata 30 de abril de cada ano, empezando a cotizar pola nova base de cotización escollida a partir do 1 de xullo do mesmo ano.

▶ Ata o 30 de setembro de cada ano, empezando a cotizar pola nova base de cotización a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte a súa solicitude.

SOLICITUDE DE COTIZACIÓN CON DEREITO A IT/AT/CESE DE ACTIVIDADE

■ No sistema especial de traballadores/as agrarios/as por conta propia pode escoller a opción de cotizar ou non con dereito a IT, AT ou CESE DE ACTIVIDADE de forma independente.

■ O prazo para solicitar ou renunciar a estas continxencias é ata 30 de setembro de cada ano, e a entrada en vigor desta solicitude é o 1 de xaneiro do ano seguinte.

Información subvencionada por:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
EMPREGO E INDUSTRIA

Escóllense 180 vogais para 21 das 25 IXPs e DOs que amparan alimentos na Galiza

9 de xullo: Eleccións aos consellos reguladores

Cunha orde publica- da no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 5 de abril, a Consellería de Medio Rural poñía data ás vindeiras eleccións aos consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Serán o vindeiro 9 de xullo e hai ao redor de 20.000 labregos e labregas nos diversos censos. Só hai catro IXPs que non concorren a estes comicios: Tenreira Galega, Pemento de Oímbra, Pemento de Mougán e Lacón Gallego.


O calendario electoral prevé que o 2 de xuño se dean a coñecer os censos definitivos, tralo período de reclamacións, e que, do 22 de maio ao 26 de xuño haxa un período para presentar candidaturas. Finalmente, o 9 de xullo, a xornada electoral desenvolverase nun horario de 10:00 a 17:00 horas, e nela teremos que elixir 180 vogais nos 21 consellos re-

guladores que si concorren ás eleccións.

Naquelas denominacións de orixe e indicacións xeográficas onde non haxa consenso, o Sindicato Labrego Galego tentará formar candidaturas para

ter presenza nos consellos reguladores daqueles alimentos nos que a produción labrega sexa esencial, como as denominacións de orixe vinícolas (Monte-

rrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), ou algunhas producións hortícolas como Pataca de Galicia.





As patacas amparadas pola IXP deberían ter maior diferencial de prezo

Un dos selos de calidade no que, probablemente, o SLG presente candidatura será na IXP Pataca de Galicia. Neste caso, aumentar os controis e combater a publicidade enganosa e a fraude nos puntos de venda seguen a ser materias pendentes da IXP. Así, as demandas do Sindicato Labrego Galego para a IXP de Galicia son as seguintes:

1. Control estrito da pataca en toda a IXP: Incluindo controis de campo en parcelas e control da entrada e saída nos almacéns

comercializadores.

2. Seguimento e combate á publicidade enganosa nos puntos de venda.

3. Plan de promoción e comercialización para a IXP Pataca de Galicia.

4. Debater co sector o orzamento e a estratexia de promoción.

5. Posta en marcha de iniciativas e axudas que favorezan a investigación e produción de novas variedades de pataca aptas para a IXP.

6. Non permitir produtos obtidos con organismos manipulados xeneticamente (patacas transxénicas).

7. Establecer e favorecer prácticas sustentábeis, limitando o emprego de agroquímicos, creando un listado de produtos prohibidos, etcétera.

8. Comunicación cos consumidores e consumidoras (asociacións, etcétera), para ver que opinan e que propoñen para mellorar o produto.

9. Medidas de control nos mercados para garantir que non existan residuos no produto final.

10. Que a diferenciación e a calidade das patacas acollidas pola IXP Pataca de Galicia faga que o produto amparado teña un maior diferencial de prezo con respecto as patacas normais.



O SLG apoiará a lista de consenso da Asociación Galega de Apicultura (AGA)

Como noutras ocasións, para o consello regulador da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia farase unha lista de consenso impulsada pola Asociación Galega de Apicultura (AGA). Para o Sindicato Labrego Galego, Mel de Galicia ten unha importancia fundamental para dar valor e promocionar os nosos meles de cara a que teñan unha mellor saída comercial, mellorando os prezos e a rendibilidade das explotacións apícolas galegas e tamén daquelas granxas que teñen na produción de mel un

complemento a outras producións, moi importante no actual contexto de crise crónica por prezos baixos no meirande dos sectores.

Tamén é importante termos este selo porque dá ao produto amparado unha garantía de procedencia xeográfica inexistente coa actual lexislación sobre etiquetaxe, que permite identificar os meles que se comercializan na Unión Europea de maneira xenérica como "Mestura de meles UE-non UE", dando pé a fraudes como envasar baixo esa etiqueta mel de baixa calidade de países

como China cunha pequena porcentaxe de produto comunitario.

Finalmente, dende o Sindicato Labrego Galego vemos que, nun futuro, a IXP Mel de Galicia podería ter un importante papel á hora de certificar o proceso de envasado de cara a dar un plus de calidade aos meles amparados por este selo. Neste senso, cremos que a IXP debe traballar para dar recoñecemento á calidade e características singulares do mel producido nos montes galegos aínda que non sexa monofloral.





A afiliación inscrita no Craega xa mantivo varias xuntanzas de traballo preparatorias

Polo de agora, xa mantivemos xuntanzas en selos como o Craega, de cara a ir recollendo as demanda do sector produtor. No caso concreto do Craega, a nosa afiliación inscrita elaborou unha lista de peticións para dar contido ao noso programa de traballo das que compartimos aquí algunhas:

- ✓ O Craega debe adaptarse á realidade das pequenas granxas que veñen de incorporarse á actividade agraria.
- ✓ Prestar axuda en materia de sementes, fomentando a cooperación entre as operadoras certificadas.
- ✓ Introducir actuacións técnicas dentro

das competencias que lle son propias: analíticas de terra, analíticas de vexetais, etc.

- ✓ Achegamento ás granxas inscritas: acompañamento, resolución de dúbidas, asesoramento, axudas, etc.
- ✓ Apoio económico ás novas incorporacións nos cinco primeiros anos.
- ✓ Introducir esixencias de tipo ético -condicións laborais, transporte, etc.- para certificar que un produto é realmente sostible e ecolóxico.
- ✓ Unificación de criterios nas auditorías.
- ✓ Apoio na comercialización, especialmente en alimentos como a carne, nos que

detectamos moitos problemas na venda.

- ✓ Simplificar a estrutura do Craega.
- ✓ Maior transparencia nas contas, publicándoas na páxina web.
- ✓ Cotas por granxa segundo a dimensión.
- ✓ Eliminar a achega do 1% da facturación. Como alternativa, aportar en base a un cálculo sobre o rendemento neto.
- ✓ Mellorar a web do Craega, facéndoa máis operativa e intuitiva.
- ✓ Ampliar a posibilidade de facer trámites telemáticos.
- ✓ Facer do Craega un voceiro das demandas do sector diante da Xunta.
- ✓ Crear unha cota propia para aquelas granxas que tamén fagan transformación de produtos para evitar que se lles cobren dúas cotas como acontece hoxe en día.

As demandas para o Craega complétanse con outras dirixidas a mellorar a difusión e promoción dos alimentos ecolóxicos e que cometidos se agardan nas persoas que representen ao SLG como vogais do consello.

Nas DOs do viño apostamos pola calidade e unha maior implicación dos consellos

Unha vez máis, o Sindicato Labrego Galego presentará candidaturas a todos os consellos reguladores vinícolas agás cando se chegue a consensos con outras organizacións ou colectivos que tamén concorran a estes comicios. En calquera caso, os nosos e as nosas representantes defenderán as principais demandas do Sindicato Labrego para o sector vitivinícola galego.

Conscientes de que cada denominación de orixe vinícola ten a súa propia idiosincrasia e problemáticas que resolver, adiantamos agora unhas liñas xerais comúns que marcarán o programa do Sindicato Labrego Galego nos consellos reguladores do viño e a actuación dos nosos e das nosas vocais:


1. Cumprimento estrito das funcións para as que foron creados os consellos reguladores: control da produción e promoción dos viños e da propia denominación de orixe como ferramenta para o progreso das comarcas vitícolas.
2. Os consellos reguladores deben ser defensores da viticultura como modo de vida no

rural e como medio económico para o sustento da poboación no campo. Neste senso, os consellos reguladores deberían implicarse na busca de solucións en temas tan importantes como o abandono e perda de superficie de viño nas denominacións de orixe ourensás.

3. O Sindicato Labrego Galego seguirá a defender, tamén a través dos consellos reguladores, un modelo de produción da agricultura familiar, sostible e respectuoso co medio ambiente, que compatibilice os avances científicos cos métodos tradicionais de produción. En canto a abonados e fitosanitarios, deberíase incentivar un uso racional destes, mesmo introducindo as modificacións e restricións precisas no regulamento das denominacións de orixe.

En consonancia co devandito, o Sindicato Labrego Galego rexeita frontalmente o uso de patróns e fermentos que sexan modificados xeneticamente (transxénicos).

4. Aposta polos viños de calidade: Apoando e incentivando o uso das castes autóctonas.



VOTO POR CORREO ▶ O período habilitado pola Consellaría de Medio Rural para solicitar o exercicio desta modalidade de votación irá dende o 2 ao 28 de xuño

Quen vote por correo deberá pedilo en persoa na sede do consello regulador

Só se poderá delegar a solicitude nunha persoa representante que sexa acreditada previamente ante notario

As persoas que queiran exercer o seu dereito ao voto por correo deberán solicitalo directamente na sede do consello regulador que lle corresponda. Ademais, para votar por correo, hai que cumprir os seguintes requisitos:

- 1. Período para solicitar o voto por correo:** A solicitude de voto por correo poderá presentarse a partir da data de exposición dos censos definitivos e ata o décimo día anterior ao da votación. Nestas eleccións, o período para poder solicitar o voto por correo vai do 2 ao 28 de xuño.
- 2. Lugar onde solicitar o voto por correo:** A solicitude deberá formularse persoalmente ante a secretaría do

consello regulador, que esixirá ao solicitante a exhibición do documento de identidade. No caso de persoas xurídicas inscritas, a solicitude será efectuada polo seu representante legal que acreditará persoalmente ante a secretaría a súa representación.

- 3. Como delegar o voto por correo noutra persoa:** Nos supostos de enfermidade ou incapacidade debidamente xustificadas que impidan a formulación persoal da solicitude, esta poderá ser realizada por persoa debidamente autorizada polo elector, acreditando aquela a súa identidade e

representación mediante documento autenticado ante notario.

- 4. Recibida a solicitude,** a secretaría do consello regulador comprobará a inscrición do solicitante no censo e practicará a anotación correspondente nel, co fin de que o día das eleccións non se realice o voto persoalmente, expedindo certificado conforme o voto se realizará por correo.

- 5. Recepción da documentación e como enviar o voto por correo:** Unha vez estean dispoñibles

os sobres electorais e as papeletas de todas as candidaturas, a secretaría do consello regulador remitiraos ao enderezo da persoa electora, xunto co certificado citado no parágrafo anterior e un sobre en que figure o enderezo da mesa en que lle corresponde votar. É dicir, dende o consello envíanche a casa os seguintes documentos:

- ✓ Papeletas das candidaturas.
- ✓ Un sobre para o voto.
- ✓ Certificado de voto por correo.
- ✓ Un sobre co enderezo da mesa onde tes que votar.

Unha vez que o elector escolla a papeleta de voto, introducira a no sobre de votación. Ese sobre co voto e o certificado deberán introducirse no sobre co enderezo da mesa, que se remitirá por correo certificado á secretaría do consello regulador, conservando esta ata o día da votación toda a correspondencia dirixida ás mesas electorais.



Calendario electoral para os consellos reguladores

XUÑO 2017						
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
			1	2	3	4
			EXPOSICIÓN DE CENSOS DEFINITIVOS FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS			
5	6	7	8	9	10	11
			PROCLAMACIÓN PROVISIONAL DE CANDIDATOS SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS			
12	13	14	15	16	17	18
		FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECLAMACIÓN ANTE O CR SOBRE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS				
19	20	21	22	23	24	25
DATA LÍMITE PARA A RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN SOBRE PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS		FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECURSOS SOBRE PROCLAMACIÓN ANTE A XUNTA ELECTORAL				
26	27	28	29	30		
DATA LÍMITE PARA A RESOLUCIÓN DE RECURSOS E PROCLAMACIÓN DEFINITIVA POLA XUNTA ELECTORAL		FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ACORDOS ELECTORAIS ENTRE CANDIDATURAS	COMEZO DA CAMPAÑA ELECTORAL			

XULLO 2017						
Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
					1	2
				FIN DA CAMPAÑA ELECTORAL		CONSTITUCIÓN DAS MESAS E VOTACIÓN
3	4	5	6		8	9
10	11	12	13	14	15	16
	PROCLAMACIÓN DE VOGAIS ELECTOS POLA XUNTA ELECTORAL			FIN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE RECURSOS SOBRE PROCLAMACIÓN DE VOGAIS		
(Constitución plenos) 17	(Constitución plenos) 18	(Constitución plenos) 19	(Constitución plenos) 20	(Constitución plenos) 21	22	23
		DATA LÍMITE RESOLUCIÓN DOS RECURSOS CONTRA A PROCLAMACIÓN DE VOGAIS ELECTOS				
(Constitución plenos) 24		(Constitución plenos) 25	(Constitución plenos) 26	(Constitución plenos) 27	(Constitución plenos) 28	29
	Día Nacional de Galicia				29	30
31						

CUNÍCOLA ▶ Os prezos experimentaron melloría tras dúas campañas promocionais que favoreceron as vendas e evitaron o almacenamento de carne conxelada

Os pequenos matadoiros reivindicados por COAG e SLG a piques de aprobarse

Poderán comercializar nun radio entre 100 e 150 quilómetros e sacrificar un máximo de 300 animais por semana

Paseniño, e despois dunha intensa campaña de mobilizacións, o sector cunicola comeza a amosar signos de recuperación. Neste senso, foron fundamentais manifestacións como a que se levou a cabo diante das instalacións do Grupo Hermi en Valladolid, no verán pasado, e a xuntanza que a COAG forzou coa cadea de supermercados Mercadona.

Así, e tras dúas campañas promocionais de carne de coello, melloraron as vendas e evitouse o almacenamento de excedentes de carne conxelada. Este factor foi determinante para que os prezos experimentasen unha lene mellora, con valores entre 1'60 e 1'70 euros, e con previsións de que volvan subir esta primavera.

A nivel de organización interna, conseguimos que no seo de Intercun haxa paridade á hora de facer achegas económicas, unha vella reivindicación dos produtores e produtoras

Nesta conxuntura, unha das preocupacións agora no sector é que chegue a bo porto a normativa que regule o sacrificio en pequenos matadoiros na propia explotación para activar vías alternativas de comercialización con maior valor engadido para as granxas. Tanto para a COAG como para o SLG, o decreto que regule os matadoiros de proximidade é fundamental para garantir a viabilidade e futuro do sector.

As características dos pequenos matadoiros contemplados no futuro decreto serían peque-

nas instalacións ligadas á propia granxa para sacrificar só animais criados nela e comercializar a súa carne, fresca ou refrixerada, nun radio de entre 100 e 150 quilómetros. O volume máximo de sacrificios sería de 300 coellos por semana. Este tipo de matadoiro sería para animais criados en ecolóxico ou con outro tipo de certificación de calidade, ou para pequenas granxas que non superasen as 50 nais.

En países como Francia, xa funcionan pequenos matadoiros artesanais vencellados á propia granxa que permiten aos labregos e labregas sacrificar e comercializar directamente parte da súa produción



O Parlamento Europeo aproba un informe contrario á cría de coellos en batería

O Parlamento Europeo vén de aprobar un informe no que recomenda substituír as gaiolas en batería para a cría de coellos por outros sistemas que garantan un maior benestar animal.

O documento aconsella mudar o sistema produtivo preponderante, con gaiolas en batería, para ir cara a un sistema máis ecolóxico que garanta contacto dos animais coa terra. Míranse casos como o de Austria, que prohibiu en 2012 a cría de coellos en gaiolas en batería para producir carne; ou o de Bélxica, onde se está indo cara á eliminación progresiva das gaiolas en batería para substituílas por sistemas de cría en parque para 2025. No Reino Unido e Alemaña, teñen regulamentos propios para benestar dos animais en cunicultura.

Entre as recomendacións que contén o informe, figura que “na cunicultura é indispensable abandonar gradualmente a utilización das gaiolas en batería e de arame en entorno árido e pasar a métodos alternativos como os sistemas de cría en parque que prevén un espazo suficiente por coello e a cría de coellos en grupos. As granxas que realicen esta conversión deberían recibir apoio con

cargo aos programas de desenvolvemento rural da PAC. Os sistemas para cría de coellos deberían contar con plataformas e superficies elevadas semellantes e unha cantidade suficiente de materiais de enriquecemento. Ademais, os tempos de transporte deberían ser o máis limitados posible”.

✓ Non toleraremos un regulamento lesivo para as granxas familiares

Aínda que os informes desta caste non teñen por que rematar sendo normas, si que poden influír na regulación do sector. De primeiras, un regulamento que incida no benestar animal e na calidade do coello como o que se propón pode ser moi positivo para as granxas familiares, pois evitaría a construción de mega-granxas industriais. Porén, a súa aplicación inmediata sería desastrosa para o sector, pois esixiría fortes investimentos que as granxas non están en condicións de facer. Por iso, dende o Sindicato Labrego Galego e a COAG estaremos vixiantes para que o desenvolvemento da nova normativa redunde sempre en beneficio, e nunca en prexuízo, das granxas familiares.

MINARÍA ▶ O SLG fixo unha campaña informativa e de alegacións para evitar o impacto da extracción de seixo nunha das comarcas gandeiras máis importantes de Galiza

Erimsa ameaza 200 granxas e 500 postos de traballo directos na comarca de Ordes

Están afectadas case 7.000 hectáreas por catro proxectos nos termos municipais de Frades, Mesía, Oroso e Ordes

O Sindicato Labrego Galego iniciou en marzo unha campaña contra os proxectos de extracción de seixo (cuarzo metalúrxico) que a empresa norueguesa Erimsa pretende levar a cabo nos municipios de Frades, Mesía, Oroso e Ordes. Agora mesmo, está en exposición pública un proxecto extractivo que afecta a parroquia de Xanceda (Mesía) e tres permisos de investigación que afectarían o resto de concellos mencionados. En total, estamos a falar de 6.721 hectáreas, o meirande de concentración parcelaria dedicada a praderías e leiras de cultivo, que constitúen a base territorial e alicerce de case dúascentas granxas en activo, o 93% das cales son de produción leiteira, que manteñen medio milleiro empregos directos.

Para decatarnos da magnitude do perigo deste tipo de explotación mineira, grazas á experiencia de prospeccións que xa teñen afectado a granxas da zona, sabemos que a explotación de seixo consistiría na extracción de terra a ceo aberto, até unha profundidade de 2'5 metros, e o posterior recheo coa terra sen o seixo. Desta maneira, os terreos explotados quedan inservibles para a actividade gandeira. Isto é así porque ao extraer o mineral, que o elemento que lle confire estrutura ao solo e permite a drenaxe de auga, os prados non volven producir forraxe ao 100% até pasados uns oito anos como mínimo e calquera precipitación de choiva, por pouca que sexa,



transforma o terreo nunha lameira impracticable para o gando maior e o acceso de tractores. Por riba, hai zonas de extracción a carón de núcleos habitados e das instalacións do gando.

Respecto ás valoracións, a coordinadora do Sindicato Labrego Galego na bisbarra de Ordes, María Vieites, afirmou que *“todos estes proxectos constitúen unha sentenza de morte para a comarca. Se estes proxectos van para adiante, as granxas afectadas deixarán de ter acceso á terra da que depende a súa actividade económica e mesmo poderían perder as axudas da Política Agraria Común (PAC) que perciben, que nesta zona supoñen de media uns 400 € por hectárea”*.

Ademais do proceso de alegacións da xente afectada, María Vieites dixo que ía ser determinante a posición dos concellos: *“É importante destacar que os concellos onde se vai desenvolver a actividade de Erimsa teñen que emitir o seu ditame, polo que vai*



ser moi importante que gobernos municipais como o de Frades ou o de Mesía, que viven case en exclusiva da actividade gandeira, se opoñan a estes proxectos. Os concellos afectados deben decidir de que lado se poñen, se do lado de Erimsa, ou do lado das granxas afectadas”.

Pola súa banda, a coordinadora do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto Ledo, que informou sobre os antecedentes da empresa Erimsa na Terra Chá, lembrou que esta mineira acumula xa varias sentenzas contra-

rias á súa actividade por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza e que, na zona afectada, ten cometido ilegalidades ao facer prospeccións sen licenza en Oroso, feitos denunciados polo SLG no seu día. A coordinadora do SLG na Terra Chá anunciou que *“dende o Sindicato Labrego Galego imos facer todo o posible para que estes proxectos non se leven adiante e xa, nesta primeira fase, non se lle concedan a Erimsa os permisos necesarios para desenvolver a súa actividade”*.

A contraprestación da empresa redúcese á creación de oito empregos temporais

En detalle, os proxectos dos que estamos a falar collen de cheo algunha das parroquias con maior concentración de granxas da comarca:

1. Xanceda: Na parroquia de Xanceda (Mesía) e un anaco do municipio de Frades, Erimsa ten unha concesión de 781 hectáreas, cun proxecto extractivo en exposición pública que abrangue directamente 210 hectáreas. As granxas afectadas ascenden a 26, con 90 postos de traballo directos, e moitas delas están en réxime ecolóxico, polo que poderían perder a certificación das terras en caso de explotación mineira.

2. Marís: Permiso de investigación para Erimsa en vigor até 2018 nun área que abrangue 3.060 hectáreas nas parroquias de Abellá, Galegos, Papucín e San Martiño, dacabalo entre Mesía e Frades. Destas terras dependen 63 granxas e 175 postos de traballo directos.

3. Andrea: Este permiso de investigación colle 2.610 hectáreas nas parroquias de Abellá e Galegos fundamentalmente, en territorio dos concellos de Oroso, Ordes, Mesía e Frades. Neste caso, falamos de 93 granxas que manteñen 157 postos de traballo. Permiso válido até 2018.

4. Lamosa: Permiso de investigación para 270 hectáreas en Beán (Ordes) e Marzoa (Oroso). Válido até 2019. Aquí hai 15 granxas en activo, moitas de vacún de carne; e 40 empregos directos.

En contraste con estas cifras, Erimsa comprométese no seu proxecto a crear 8 postos de traballo temporais namentres dure a extracción de mineira.

Rexistráronse case 250 alegacións contra o proxecto Xanceda 7138

Unha comitiva en representación da veciñanza de Xanceda e do Sindicato Labrego Galego achegáronse, o 17 de abril, até a Casa do Concello de Mesía para presentar as alegacións contra o proxecto Xanceda 7138. Ese día, levávanse rexistradas 217 alegacións. Cando expirou o prazo, dous días despois, as alegacións presentadas roldaban as 250.

Ademais da veciñanza afectada, no acto de entrega estiveron presentes María Vieites e Margarida Prieto. Tamén houbo presenza da plataforma contraMINAcción, con Guadalupe Rodríguez (Salva la Selva), Xoán Doldán (Véspera de Nada) e Carlos Montero (Comisión contra as Minas na Terra Chá).

Entre os principais motivos para rexeitar a actividade de Erimsa na zona están que os terreos nos que se pretenden levar a cabo as escavacións pertencen, no meirande, ás concentracións parcelarias de Xanceda e Papucín.

Outro feito denunciado é que a actividade de Erimsa entra en colisión coa declaración da comarca de Ordes, incluídos os concellos de Frades e Mesía, como de “especial interese agrario” no Diario Oficial de Galicia do 7 de novembro de 2007.

As alegacións tamén fan mención á incidencia negativa que tería a actividade mineira sobre os acuíferos da zona pero, quizais, un dos impactos máis notables sería o que habería sobre a base territorial das granxas polo “deterioro irreversible da estrutura e da estabilidade dos agregados do solo”, o que “impide o desenvolvemento das raíces, polo que teñen menor capacidade de extraer os nutrientes así como a auga do solo. Por outra banda, atrasase a data de cultivo debido a que tarda máis



en secar o terreo debido á pobre drenaxe e capacidade de infiltración da auga da choiva. Esta excesiva humidade do solo produce condicións anaeróbicas que orixinan a asfixia das sementes e prexudica ás

raíces das plantas, o que implica un maior gasto en fertilizantes para compensar a perda de produtividade e un maior gasto en gasoil nos labores agrícolas pola compactación do solo”.

Levamos Industria á Valedora por non revogar as concesións da Terra Chá

A equipa xurídica do Sindicato Labrego Galego presentou, o 10 de febreiro, unha queixa formal diante da Valedora do Pobo pola falla de resposta da Consellaría de Industria diante da petición expresa de declarar as caducidades das concesións mineiras Pastoriza 5562, Alicia 5917 e Karles 5919. O SLG ten rexistrado oficialmente esta petición á Consellaría de Industria seis veces dende 2013 sen obter contestación.

A pesares de que, o 15 de decembro de 2016, o SLG lle solicitou formalmente á Dirección Xeral de Minas unha xuntanza para falar desta cuestión, a día de hoxe non contestou a petición. Das seis solicitudes feitas, a primeira foi realizada o 28 de febreiro de 2013 e a última o pasado 5 de abril deste ano. Pasados catro anos de peticións, Industria segue sen contestar, polo que ignoramos se iniciou o procedemento para declarar estas caducidades ou non. Esgotada a vía administrativa, dende o SLG decidimos recorrer á Valedora do Pobo, quen xa preguntou dúas veces polas caducidades sen obter tampouco resposta.

Paralelamente, nos últimos meses, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalou xuridicamente as peticións de caducidade do SLG ao ditar sentenzas contra dous contenciosos presentado pola empresa Erimsa diante da desestimación das licenzas para explotar Alicia 5917 e Karles 5519.

Para o SLG, e tralas sentenzas do TSXG, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas debe declarar a caducidade das concesións mineiras a Erimsa na Terra Chá de maneira inmediata e non seguir adiando unha decisión da que depende o futuro social e económico dunha das comarcas agrogandeiras máis ricas e importantes de Galiza ao estar afectadas 5.700 hectáreas.

Na páxina anterior, concentración diante do Concello de Mesía tras entregar máis de 200 alegacións aos proxectos de Erimsa e asemblea veciñal en Xanceda do 23 de marzo coa coordinadora do SLG na comarca de Ordes, María Vieites, e o avogado Ramón Barreiro. Nesta páxina, o avogado Xosé Pérez Rei e Margarida Prieto amosan a queixa presentada na Valedora do Pobo contra a Consellaría de Industria

MINARÍA ▶ O 4 de marzo, Compostela acolleu unha xornada internacional contra a megaminaría con persoas de países como Finlandia, Australia, Filipinas ou Nixeria

contraMINAcción reforza a súa loita ao aliarse coa rede “Si á Vida Non á Minaría”

Trátase dunha rede global con presenza nos cinco continentes nacida en 2012 e que integra máis de 50 organizacións

Activistas dos cinco continentes déronse cita en Compostela, o pasado 4 de marzo, para celebrar as Xornadas sobre os Impactos da Minaría máis internacionais que ten feito a plataforma galega de colectivos contraMINAcción. E é que na terceira edición deste encontro bianual, ademais de persoas e organizacións da nosa terra, contamos cos representantes rexionais da rede global Si á Vida, Non á Minaría (Yes to Life, No to Mining-YLNM). «*A intención deste encontro*», explicou a representante de contraMINAcción, Guadalupe Rodríguez, nunha rolda de prensa, «*foi dar continuidade á loita que mantemos dende hai varios anos contra a minaría destrutiva. Ademais, nesta ocasión, tamén creamos un espazo de confluencia con outra rede que desenvolve a mesma loita pero organizada a nivel global que é “Si á vida, non á minaría”. Afortunadamente, tivemos a oportunidade de poder contar coa participación de activistas que están a desenvolver loitas semellantes en diversos lugares do mundo como Australia, Nixeria, Finlandia, Filipinas, Suráfrica, Reino Unido, Colombia e, por suposto, Galiza*».

As diversas procedencias achegaron diferentes, pero tamén comúns, problemáticas relacionadas coa actividade mineira: dende a destrución dos fondos mariños á contaminación dos sistemas fluviais, do acaparamento de terras ao espolio dos recursos piscícolas, da criminalización dos movemen-



Organizacións dos cinco continentes déronse cita en Compostela para coordinarse na loita contra a minaría destrutiva

tos de oposición a estas prácticas á violación dos dereitos humanos e atentados contra a integridade e a vida das persoas que defenden as comunidades e pobos afectados. Precisamente, a data deste encontro fíxose

coincidir co primeiro aniversario do asasinato da activista hondureña Berta Cáceres, o 3 de marzo de 2016, por defender os dereitos do pobo lenca fronte aos intereses de compañías hidroeléctricas estranxeiras. De

feito, tralo xantar fíxose un recital poético de homenaxe a Berta Cáceres no que participaron, coa lectura de versos, o poeta Manuel Pipas e a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane.

Coordinación de esforzos e posta en común de información e coñecementos

Na rolda de prensa tamén falou a activista colombiana, Mariana Gómez, de Gaia Amazonas. Fíxoo en nome de YLNM, explicando as orixes da rede global, que se creou «*cando diversos movementos de resistencia á minaría ao redor do mundo, como contraMINAcción na Galiza, detectamos a necesidade de articular a loita a nivel global para poder seguir apoiando as comunidades que están a defender o seu territorio dos proxectos extractivos das empresas mineiras. Tras uns tres anos de funcionamento, en base ao traballo voluntario en todo o mundo, hoxe contamos cunha plataforma en Internet que difunde materiais de apoio ás comunidades afectadas e posibilita que se poñan en contacto entre elas para que poidan compartir as súas estratexias, amais de dar visibilidade aos seus casos en diversos lugares do mundo. Para iso, temos producido documentais, creado diversos materiais impresos para as comunidades poidan reforzar os seus argumentos contra a minaría e*

para poder manter o seu medio de vida. Tras estes tres primeiros anos de funcionamento, estamos na Galiza para levar a cabo o primeiro encontro de coordinadores e coordinadoras rexionais, con representantes dos cinco continentes que vimos de diferentes loitas nas que todas teñen en común a causa. Durante os últimos dous días, reunímonos para planificar as nosas accións nun futuro próximo e darlle maior solidez ás bases deste movemento global. Estamos moi satisfeitos e satisfeitas de poder compartir con contraMINAcción e con Galiza a súa loita e poder, desta maneira, fortalecer e, de paso, fortalecer tamén esta voz contra a minaría destrutiva en todo o planeta».

Trala testemuñas, o encontro rematou, na súa fase final, con intervencións e debate ao redor das alternativas para manter viva a loita, levando a cabo mais intercambios entre comunidades e movementos e como unha maneira de «*abrir portas á esperanza e tentar atopar camiños alternativos*».

SOCIEDADE CIVIL ▶ Manifestáronse na Coruña o 25 de febreiro en defensa do sistema público de pensións

As Marchas da Dignidade volven á rúa para defender as pensións públicas

O SLG volveu apoiar esta camiñada reivindicativa por ser os labregos e labregas un dos colectivos máis afectados

O 25 de febreiro, as Marchas da Dignidade volveron saír á rúa. Desta vez, foi na Coruña para defender o sistema público de pensións e os servizos públicos. Coma noutras ocasións, o

SLG participou na convocatoria.

Unha das encargadas de ler o manifesto final foi a presidenta do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen), Victoria Portas que, posteriormente, participaría tamén no XII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres do SLG.

Tanto na Coruña como en Mondoñedo, Victoria Portas defendeu o sistema público de Seguridade Social e desmontou a



27 de maio: Volvemos a Madrid!

O 27 de maio, as Marchas da Dignidade volverán asolagar as rúas de Madrid para demandar “Pan, traballo e teito”. A asistencia dunha Columna Galega foi presentada o 20 de abril na praza do Obradoiro, nun acto no que participou a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba. Máis información en marchasdadignidade.blogspot.com.es/

falsa necesidade de ter que apoiar a xubilación cun plan privado de pensións. De seguido, afondamos nestas cuestións.

O 62'9% das persoas xubiladas na Galiza cobran pensións que están por debaixo do limiar da pobreza. Esta situación de precariedade é especialmente aguda para as mulleres viúvas, xa que 8 de cada 10 viven con menos de 667 € ao mes.

Na súa intervención en Mondoñedo, Victoria Portas, debullou as diversas reformas lexislativas que aínda farán empeorar moito máis esta situación. Agora mesmo, e de maneira progresiva, estanse a desenvolver reformas que culminarán en 2027, ano no que, para ter dereito ao 100% da pensión de xubilación, teremos que ter 67 anos cumpridos e ter cotizado durante 38 anos, 33 se ao que aspiras é a unha xubilación anticipada.

Victoria Portas denunciou que se está preparando o terreo para unha nova ofensiva no recorte das prestacións, tentando convencernos da necesidade de complementar as pensións investindo en plans privados; unha falsa necesidade se pensamos que a Seguridade Social ingresa, hoxe en día, 125.000 millóns de euros anuais a pesares de termos 4 millóns de parados que non cotizan e cada vez máis persoas xubiladas. Para a presidenta de Modepen, detrás de todo isto están os intereses da banca e das aseguradoras.

Para demostrar a falacia dos fondos privados, Victoria Portas analizou os plans de pensións máis rendíbeis do mercado e revelou as seguintes cifras: achegando 100 € mensuais dende os 40 anos de idade até os

As reformas laborais: xubilación aos 67 tras cotizar 38 anos

67, daríache unha pensión privada, no mellor dos casos, inferior aos 200 euros; se a achega fose de 500 € mensuais, a pensión non chegaría aos 1.000 tras ter achegado a ese plan de pensións privado 200.000 euros en 27 anos de vida laboral. E isto co problema engadido de que non podes retirar os cartos -Facenda quedaría co 40%- nin a túa familia herdalos en caso de morte. Casos como a recente creba dun importante fondo de pensións privado en Estados Unidos, deixando arruinadas miles de familias; ou a creba do sistema mixto de pensións en Chile, deberían animarnos a defender con forza e sen fendas o sistema público de pensións e a Seguridade Social, xa que as outras alternativas só son rendíbeis para a banca e as aseguradoras.

✓ As trampas do Goberno para rebaixar as pensións

Como alternativa aos plans privados, Victoria Portas informou da existencia dun Convenio Especial da Seguridade Social que posibilita facer achegas extraordinarias para completar os anos que nos faltan por cotizar. “Eu coñezo mulleres que cotizaron pouco máis de dez anos e non teñen dereito á xubilación por non ter cumprido os quince obrigatorios”, explicou a presidenta de Modepen, “cando se tivesen cotizado un par de anos

polo Convenio Especial, e con dous ou tres fillos ao cargo, xa lles daba o cómputo para ter dereito a xubilación. Non é o mesmo ter unha pensión contribu-

tiva de 600 € que cobrar unha non contributiva de 300 € coa que, ademais, quedarías sen cobertura sanitaria para mercar medicamentos. E se o teu cónxuxe xa é pensionista, nin á paga non contributiva terías dereito”.

✓ O índice de revalorización e o factor de sostenibilidade

As outras reformas do Goberno para dinamitar o sistema público de pensións foron a substitución do Índice de Prezos de Consumo (IPC) polo Índice de Revalorización para actualizar as pagas. O Índice de Revalorización supón un aumento das pensións dun 0'25% anual. Se facemos caso ao último IPC, que foi do 3%, as persoas pensionista viron minguadas as súas pagas nun 2'75% só no último ano. Con esta tendencia, as persoas pensionistas terán cada vez un poder adquisitivo menor e serán máis vulnerables.

Pero a reforma máis agresiva entrará en vigor en 2019: o factor de sostenibilidade. En virtude disto, as pensións calcularanse segundo a esperanza de vida. E dado que non existe unha fórmula que poida predicir canto imos vivir, o Estado utilizará esta ferramenta para recortar as pensións cando lle pete. En cifras, agora mesmo o 50'79% das pensións de autónomos non chegan a 646 euros; co factor de sostenibilidade, recortaríanse o 19'2%.

DEREITOS CIVÍS ▶ Foi o 23 de abril e tivo o apoio de máis de 70 organizacións e colectivos entre os que estaba o SLG

Marcha en Compostela contra a persecución do independentismo

O 23 de abril, houbo unha manifestación nacional para apoiar ás persoas independentistas encausadas na Operación Jaro e en defensa das liberdades civís na Galiza. O acto de pro-

testa estivo apoiado por setenta organizacións e colectivos, entre os que se atopaba o Sindicato Labrego Galego. Podes consultar as nosas demandas en : manifestoabrolhar.wordpress.com



Nace un movemento contra a eucaliptización na Galiza

Con motivo do Día da Terra, o 22 de abril, a praza do Obradoiro apareceu plantada de eucaliptos. Esta representación formou parte dunha protesta organizada polas plataformas Cousa de Raíces e Asemblea contra a Eucaliptización de Compostela para denunciar a usurpación do noso territorio polo monocultivo de eucalipto.

Ese día, Anxo Moure, o contacontos coñecido como “O carballo con botas”, leu un mani-

festo no que reclamou á Xunta que apliquen medidas como unha moratoria a novas plantacións, a prohibición da variedade nitens, e promover outros usos do monte máis sostíbles e que favorezan o asentamento no medio rural.

Esta acción inscribiuse na creación de asembleas comarcais contra a eucaliptización, para o que xa houbo xuntanzas, polo de agora, en Moaña e Compostela.

Absoltas as tres activistas de Lugo de Cara ao Miño

As tres persoas activistas de Lugo de cara ao Miño que foron acusadas pola empresa INCA de presunta coacción nunha protesta xunto ao dique da Fábrica da Luz, o 15 de decembro de 2015, foron absoltas polo xulgado de Lugo nunha sentenza coñecida o 21 de abril. O veredicto confirma a inocencia das persoas acusadas que o único que fixeron foi denunciar a desfeita ambiental que as obras desta empresa es-

taban a provocar nas ribeiras do río Miño.

Dende o Sindicato Labrego Galego, expresamos o noso apoio á causa defendida por Lugo de Cara ao Miño e a nosa indignación diante das acusacións vertidas pola empresa contra Lola, Lois e Miguel, polo que nos congratulamos pola súa absolución e animamos a seguir defendendo o noso patrimonio natural como fixeron até agora.



CULTIVAR A PROTECCIÓN DO TEU NEGOCIO

Así é a vocación dun líder

Infórmate en www.agropelayo.com
ou no 96 110 77 80


agro pelayo

FE DE ERROS

Dende **Granxas de Lousada** aclaran que, na información aparecida na **páxina 7 do Fouce 314** que fai referencia a esta explotación de Irixoa (non do Irixo) “na segunda columna está expresado de maneira que a xestión do monte comunal é a nivel particular, e non é así”, explica Sergio Boado. “O problema da base territorial non o enfoqueei así. A xestión da comunidade xurdiu porque somos, ou máis ben, éramos comuneiros e tocounos na directiva. Polo que a xestión dende a presidencia en ningún momento se fixo a nivel da empresa Granxas de Lousada. Sempre foron dúas cousas diferentes, e nomeei algún dos proxectos que se levaron a cabo e outros que se propuxeron, pero por parte da comunidade, non de Granxas de Lousada. De feito, por motivos persoais, xa non formamos parte da comunidade e parte dos proxectos xa quedaron estancados”.

PAC ▶ Isabel Vilalba e Xosé Ramón Cendán estiveron na capital italiana para traballar con organizacións de toda Europa en demandas comúns para unha UE alternativa

A ECVC demanda unha nova PAC no 60 aniversario do Tratado de Roma

O fracaso das políticas agrarias debe obrigar a crear outras que protexan a terra, a saúde, o traballo e a dignidade labrega

O pasado 25 de marzo, cumpriáanse 60 anos da sinatura do Tratado de Roma, o xermolo da actual Unión Europea e da Política Agraria Común (PAC) que marcaría un antes e un despois na agricultura, a alimentación e o medio rural en todo o espazo común da UE.

Paralelos aos actos conmemorativos, houbo un fervedoiro de debates, palestras e actos que culminaron cunha grande manifestación en Roma o 25 de marzo. En todas estas actividades, tivemos un papel protagonista as organizacións que integramos a Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC). Por parte do SLG, participaron a secretaria xeral, Isabel Vilalba, e o asesor da Executiva, Xosé Ramón Cendán.

Así, do 22 ao 25 de marzo, Vilalba e Cendán estiveron en multitude de actos nos que organizacións sociais de todos os ámbitos e procedencias reflexionaron e demandaron unha UE alternativa que poña por diante o coidado das persoas e dos pobos e non os intereses das grandes empresas.

✓ Coa PAC dende 1962

O Tratado de Roma asinouuse en 1957 e contemplaba a “creación dunha política común no ámbito da agricultura”, pero até 1962 non se crearía a PAC. Segundo o Tratado de Roma, os obxectivos da PAC debían ser cinco: incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional da



Miles de persoas de toda Europa déronse cita en Roma para pedir políticas feitas para a cidadanía e non para as grandes empresas



producción; garantir un nivel de vida digno para a poboación agraria, en especial mediante o aumento da renda dos e das profesionais da agricultura; estabilizar os mercados; garantir o fornecemento de alimentos; e asegurar prezos razoables de consumo. Por desgraza, sesenta anos despois, estes obxectivos foron en grande medida ignorados nas políticas agrícolas.

No seu canto, vemos que a actual PAC está deseñada para engrosar os beneficios corporativos a costa de desangrar aos labregos e labregas que producen os alimentos. Non podemos obviar que todos estes anos de PAC deron como resultado un medio rural cada vez máis despoboado e envellecido, a desaparición de centos de miles de granxas, un modelo produtivo

predominante intensivo e industrial que ten provocado varios escándalos alimentarios e unha sangría de recursos públicos destinados a subvencionar uns prezos en orixe moi rendíbeis para as industrias e grandes cadeas de distribución pero inviables para os homes e mulleres que gañan a vida no meirande dos sectores agrogandeiros.

Unha PAC que, dende 1985, levou por diante 100.000 granxas de leite na Galiza

O Estado Español entrou na Comunidade Económica Europea en 1985, feito crucial para Galiza, xa que esa adhesión implicaba a implantación do sistema de cotas no sector lácteo. A España correspondéronlle 6 millóns de toneladas de cota, pouco máis de 1 millón para Galiza. Daquela, tiñamos 112.000 granxas. O resto da historia xa a coñecemos: a marxinação da nosa terra con este reparto tan inxusto provocou unha reconversión brutal do sector lácteo; hoxe, ás penas pasamos de 8.000 explotacións leiteiras, co que iso significa a nivel de despoboamento e pobreza rural. Datos coma este deberíannos facer reflexionar e considerar a necesidade urxente de dar unha viraxe radical ás políticas agrarias da UE.

Por iso, porque queremos recuperar os obxectivos fundacionais do Tratado de Roma de garantir a seguridade alimentaria dos pobos de Europa, porque pensamos que a PAC debe incorporar unha visión adaptada aos desafíos que actualmente afronta a nosa sociedade como son a saúde pública, a conservación do medio ambiente e a xustiza social, o Sindicato Labrego Galego seguirá traballando, tanto en solitario como no seo da ECVC, para que as políticas agrarias comunitarias recuperen o espírito fundacional do Tratado de Roma e evolucionen cara un século XXI en base a principios irrenunciábeis como termos un traballo digno e construír novas políticas baseadas na agroecoloxía e na soberanía alimentaria.

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES ▶ Neste 2017 tamén secundamos un paro laboral a escala planetaria

8 de marzo de indignación fronte ao peor ano de violencia machista

O SLG participou activamente nas accións da Marcha Mundial, como a manifestación do 5 de marzo en Compostela

Un ano máis, a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego participou activamente nas mobilizacións convocadas pola Marcha Mundial das Mulleres ao redor deste 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres. O acto central destas accións foi unha manifestación previa á efeméride que tivo lugar en Compostela o 5 de marzo por cadrar en domingo. Ademais dunha nutrida presenza de labregas, a responsábel da Secre-

taría das Mulleres, María Ferreiro, foi unha das activistas que marchou na cabeceira da manifestación baixo o lema *"Construíndo feminismo, destruíndo capitalismo"*. Nesta ocasión, ademais, entre as tres mulleres que leron o manifesto na praza do Toural estivo Pura Seoane, labrega de Vedra que ten estado tamén á fronte da Secretaría das Mulleres do SLG.

✓ 2017: máis de vinte mulleres asasinadas

Ademais da manifestación do 5 de marzo, as traballadoras do SLG tamén secundaron o paro internacional de mulleres que se levou na propia xornada do 8 de marzo. Esta medida foi



María Ferreiro foi unha das mulleres que encabezou a manifestación do 8 de marzo

anunciada, previamente, nunha rolda de prensa que María Ferreiro e Isabel Vilalba Seivane deron para anunciar o Encontro Anual da Secretaría das Mulleres. Neste contexto, a secretaria xeral do SLG lamentou que, neste 2017, batemos *"o triste récord de ter sido asasinadas 20 mulleres (22 ao peche deste Fouce), que é a cifra máis alta dos últimos dez anos. Isto é unha auténtica barbaridade e demos-*

tra que hai que pasar a outro tipo de medidas e políticas que vaian máis alá de poñer fitas e facer silenzos de un minuto".

Tamén, en nome do SLG, Isabel Vilalba expresou o seu apoio e solidariedade para coas mulleres da Asociación Ve-la Luz que, daquela, estaban en folga de fame na madrileña praza do Sol contra a violencia machista e se mantiveron así do 9 de febreiro ao 8 de marzo.

FORMACIÓN ▶ Foi organizada pola Asociación Labregas e a Confederación de Mulleres do Mundo Rural Ceres

De labrega a labrega, xornada de transferencia de coñecementos en Lalín

O Sindicato Labrego Galego, a Confederación de Mulleres do Mundo Rural Ceres e a Asociación Labregas celebraron, o 15 de marzo, unha Xornada de transferencia de coñecementos de mulleres emprendedoras no medio rural. Tivo lugar en Lalín (Pontevedra) e o seu obxectivo foi que as mulleres participantes coñecesen de primeira man experiencias de emprendedoras contadas polas súas propias protagonistas. As asistentes tamén puideron coñecer medios de acceder aos programas oficiais de desenvolvemento rural para acadar axudas de cara a financiar proxectos.

Con nome propio, participaron labregas como Pura Seoane, que rexenta unha granxa multifuncional en Feáns (Vedra); ou Sonia Couso, secretaria da cooperativa Amarelante, que xestiona varios soutos centenarios en Manzaneda (Ourense).

Pola súa banda, Ana Lorenzo, da Cooperativa Cidadanía, fixo unha análise dos modelos de negocio rexentados por mulleres no medio rural; mentres que a axente de Igualdade e Desenvolvemento Rural, Paloma Jimena Medina, pechou as intervencións da primeira parte desta xornada cun relatorio sobre a situación da muller no rural.



Unha vintena de mulleres déronse cita na xornada celebrada en Lalín

«O que se buscou a través desta xornada foi trasladarlle ás mulleres a positividade de traballar no rural, o ben que lles vai a todas aquelas que apostaron por desenvolver un proxecto propio como grandes emprendedoras

que son, e explicarlles que todas estamos capacitadas para afrontar proxectos semellantes e tirar para adiante», explicou a coordinadora do Sindicato Labrego Galego na comarca do Deza, María Fernández.



ENCONTRO DA SECRETARÍA DAS MULLERES ▶ Mondoñedo acolleu a 12ª edición dunha cita que, desta vez, tratou a fondo temas como as pensións ou a sanidade

Labregas por un tratamento digno na enfermidade e na vellez

Desta vez, contouse coa colaboración de mulleres como Teresa Burgo, Beatriz Figueroa, Victoria Portas ou Lola Ferreiro

O 11 e 12 de marzo, a vila de Mondoñedo acolleu o XII Encontro Anual da Secretaría das Mulleres que, nesta ocasión, desenvolveuse baixo o lema “*Labregas por un trato digno da enfermidade e na vellez*”. Nunha rolda de prensa previa á celebración, a responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro Santos, explicou que as temáticas que se ían tratar no encontro -como a saúde, as incapacidades laborais o a xubilación- “*son cuestións que teñen sido recurrentes noutros encontros porque é moi habitual que haxa problemas para que a unha*

labrega se lle recoñeza unha incapacidade laboral ou o dereito a unha pensión digna”. Respecto disto, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, denunciou o “*total desprezo pola actividade profesional das mulleres agricultoras, dende o ámbito sanitario ao xudicial. Semella que para exercer de labrega non precisas ter competencias nin gozar de boa saúde*”.

Con esta declaración de intencións, máis de cen labregas vidas de comarcas de toda Galicia conviviron durante unha fin de semana en Mondoñedo, participando en obradoiros, charlas, diálogos e debates que, nesta ocasión, contaron con relatoras de contrastada traxectoria e prestixio como a avogada laboralista, Teresa Burgo; a activista polos dereitos das persoas enfermas de cancro, Bea-

triz Figueroa; a presidenta do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen), Victoria Portas; ou a doutora e feminista, Lola Ferreiro.

O prato forte do encontro foi, sen dúbida, a palestra “*Falando de saúde*”, que contou coa participación de Teresa Burgo, Beatriz Figueroa e Victoria Portas. Tras esa mañá intensa de charlas, diálogos e debates, na que varias labregas narraron a súa experiencia persoal en relación aos temas tratados, e despois de xantar, a tarde foi máis liviá, cunha viaxe ao municipio veciño de Tapia de Casariego. Alí, as participantes visitaron a Fundación Edes, que traballa no rural do noroccidente de Asturias e da Mariña lucense dende 1999 ofrecendo servizos e apoio a persoas con discapacidade psíquica e intelectual.

No tempo de lecer da noite, e tralo intercambio de sementes, contouse coa música de Erikas i Peluxias. Ao día seguinte, o encontro remataría co obradoiro sobre saúde de Lola Ferreiro.

Para a responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, “*a valoración global deste encontro é moi positiva. Desta vez, escolléronse uns temas moi potentes para a reflexión e as intervencións de Teresa Burgo, Beatriz Figueroa e Victoria Portas foron moi boas, cada unha no seu ámbito. Ao día seguinte, o obradoiro sobre a saúde e os tempos das mulleres que dirixiu Lola Ferreiro non deixou indiferente a ninguén. Coma sempre, foi moi emotivo e enriquecedor o reencontro entre mulleres que xa nos coñeciamos doutras edicións e a convivencia xuntas toda a fin de semana*”.

SEGUE

Contra a precariedade da sanidade

FALANDO DE SAÚDE ▶ Unha das partes máis intensas do encontro foi a palestra “Falando de saúde”, na que se trataron en profundidade temas como as baixas laborais por enfermidade, as incapacidades, as deficiencias na cobertura e asistencia das persoas traballadoras enfermas que non poden exercer a súa profesión ou o futuro do sistema público de pensións. E, para introducir todas estas cuestións, contouse coas voces de Teresa Burgo, Beatriz Figueroa e Vitoria Portas.



“En Lugo, só o 5% das incapacidades reclamadas gañan por vía xudicial”

A avogada **Teresa Burgo** fixo unha análise miúda das posibilidades de cobertura que poden ter as labregas en caso de accidente ou enfermidade laboral, poñendo de manifesto unha morea de eivas que converten calquera reclamación nunha auténtica odisea burocrática na que é esencial reclamar sempre por escrito e a tempo.

Por exemplo, é case imposible que nos recoñezan como de orixe laboral o meirande das enfermidades óseas ou musculares, e tamén o cancro, a pesares de que a profesión das labregas -ben sexa pola esixencia física ou polas posturas forzadas, ben sexa polo manexo de substancias canceríxenas como pesticidas- pode ser causa directa deste tipo de doenzas.

Calquera solicitude de baixa por enfermidade ou accidente ten que ter o visto bo da mutua, que pode considerar que a incidencia non ten relación co traballo e derivar a persoa doente ao seu médico de cabeceira. Nestes

casos, Teresa Burgo aconsellou reclamar por escrito e esixir un informe no que se explique por que non é laboral o accidente ou a enfermidade. Se a Seguridade Social nos dá finalmente a razón, a mutua terá que custear a baixa, pero se non é así, entón só quedar recorrer aos tribunais, onde a resolución do proceso está a demorarse dous anos.


Todo isto agravouse coa crise económica e os recortes que, entre outras consecuencias, provocou unha maior presión das inspeccións médicas e das altas forzadas antes de tempo. Neste caso, se a unha doente lle dan a alta pero non está en condicións de traballar, Teresa Burgo aconsellou que se impugne esa alta.

Outra das eivas do sistema é que, decotío, o tratamento que dan os médicos encargados de ditaminar e inspeccionar estes casos chega a ser vexatorio. Os médicos e médicas que ditaminan unha invalidez ou incapacidade non son especialistas na doenza analizada e, ademais, son xuíz e parte. Isto fai que as reclamacións por invalidez rara vez prosperen, nin sequera pola vía xudicial. Nos xulgados de Lugo, por exemplo, só gañaron o 5% das invalideces reclamadas por vía xudicial.

“A batalla contra o cancro líbrase contra a doenza e a Administración”

E para exemplo de todo o devandito, o de **Beatriz Figueroa**, avogada e xornalista enferma de cancro dende 2011 que xa pasou por cinco operacións e durísimos tratamentos médicos. O fei-

to de que non lle fose recoñecida a incapacidade laboral e ter que subsistir cunha pensión miserable, sen familia que a apoiase e cunha hipoteca ás costas, fixo que emprendese unha loita que a levou a poñerse en folga de fame, forzar ao Congreso das Deputadas a debater a cuestión e, máis recentemente, a conseguir dous millóns de sinaturas reclamando unha cobertura digna para as persoas enfermas de cancro. O seu problema é o de miles de homes e mulleres no Estado aos que unha enfermidade grave os incapacita para traballar pero que, sen embargo, se vén na obriga de iniciar unha dura batalla legal contra a Administración para que lles sexa recoñecida esa incapacidade para poder afrontar a doenza cunha cobertura e apoios mínimos.



Beatriz Figueroa


Mulleres con cancro que desempeñan traballos como o de mariscadora ou labrega, que precisan unha grande fortaleza física, non conseguen que lles recoñezan a incapacidade para traballar. Neste senso, Beatriz Figueroa confirmou o que dixo Teresa Burgo de que o trato que reciben por parte dos médicos que redactan os informes moitas veces é vexatorio. “A enfermidade

debe ser a túa primeira preocupación, pero é difícil. Réndeste moitas veces, pero volves erguer-te. A batalla contra o cancro líbrase contra a enfermidade e contra a Administración. E a min, que son avogada, custoume. A administración aproveítase da túa debilidade, de que estas sen ánimo nin forzas para reclamar nada, e gaña tempo recorrendo as túas reclamacións, de tribunal en tribunal. Un amigo meu morreu con 40 anos e non deu cobrado nin a primeira mensualidade da súa paga por incapacidade. Unha das razóns pola que non lla recoñeceran antes foi porque a súa hematóloga nunca lle redactou un informe que servise de proba no proceso. É preciso que loitemos e reclamemos. Cando non nos desafiúza unha enfermidade, non podemos consentir que nos desafiúce a sociedade”, relata a activista viguesa. “Nesta loita, non quero solidariedade nin compaixón”, concluíu. “O que busco é xustiza social. O meu problema é o de miles de persoas e pódelle tocar a calquera. As estatísticas din que un terzo das mulleres e o 50% da poboación masculina van ter cancro”.

“Só teremos unhas pensións dignas se protestamos e saímos á rúa”

A intervención da presidenta do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen), **Victoria Portas**, deu moito de si coa análise pormenorizada que fixo das ameazas que ten enriba o sistema público de Seguridade Social tralas varias reformas lexis-

e das pensións: mulleres en loita



Victoria Portas

lativas levadas a cabo. Como a nivel xeral esta cuestión xa se tratou amplamente na reportaxe sobre a última mobilización das Marchas da Dignidade (páxinas 20 e 21 deste Fouce), centráremonos agora na discriminación que sofren as mulleres e as labregas no sistema de pensións. E para iso, nada mellor que tirar duns datos que amosan un panorama desolador: Galiza é o territorio do Estado onde as mulleres cobran as pensións máis baixas, unha media de 600 € en 2016, aínda menos que os 617 € de 2015. Neste senso, os homes co-

bran unha media o 36'8% máis alta: 950 €. Portas sinalou tres causas principais para explicar esta fenda nas retribucións:

En primeiro lugar, esas baixas retribucións son causa directa da precariedade laboral das mulleres, dos salarios e cotizacións máis baixos cós dos homes. No caso das labregas, só 17 mulleres se deron de alta na granxa na que traballan dende que se aprobou a Lei de Titularidade Compartida, cando se estima que, só na Galiza, hai unhas 30.000 mulleres que se poderían acoller a esta medida. Á precariedade de que miles de labregas carecen de dereitos sobre a granxa familiar na que traballan, hai que engadir que a maior fenda salarial entre homes e mulleres dáse nos sectores agrario, gandeiro, silvícola e pesqueiro, eidos nos que os homes cobran un 31'9% máis cás mulleres.

En segundo lugar, un dos maiores atrancos para a vida laboral das mulleres é que, normalmente, son elas as que apan dan co coidado de fillos e fillas e das persoas maiores nunha fami-

lia. Estas tarefas obrigan ás mulleres a reducir as súas xornadas laborais e mesmo a renunciar a postos de traballo. Para Victoria Portas, *"é preciso poñer en valor económico os coidados e a conciliación familiar. É a sociedade no seu conxunto a que debe facerse cargo dos coidados da dependencia, non as mulleres a costa da súa cotización. A Lei de Dependencia foi un grande paso para nós. Non se pode sobreentender que a muller deba quedar na casa para coidar dos fillos e fillas e das persoas maiores e, en caso de favelo, debe cubrirse ese período de coidados como período traballado. Porque se o cubrise o Estado, a muller podería traballar e cotizar"*. Os datos neste capítulo tamén son demoledores: O 94% das excedencias por coidado de fillos e fillas son asumidas por mulleres, mentres que na atención a persoas dependentes a porcentaxe é do 85%.

Finalmente, a reforma do sistema de pensións condena a miles de labregas a quedar só cunha paga non contributiva e sen coberturas sanitarias como o

pago de medicamentos. Isto é así porque cada vez será máis difícil acceder a unha pensión por xubilación. Cando a reforma das pensións se consolide, en 2027, cumprirá ter cotizado durante 38 anos para ter dereito ao 100% da paga, ou 33 se queremos prexubilarnos, unhas cifras que para o meirande das labregas da Galiza son un imposible. Cómpre lembrar que as mulleres labregas comezan a cotizar moi tarde, no mellor dos casos, ou, directamente, non cotizan. E sen cotizar, o máximo ao que pode aspirar unha labrega é a ter unha pensión non contributiva duns 300 €, sempre e cando o seu cónxuxe non sexa pensionista.

Para Victoria Portas, só existe unha maneira de virar esta situación: botarse á rúa e reclamar os nosos dereitos. *"Debemos xuntarnos, reivindicar os nosos dereitos. Só protestando, reclamando, saíndo á rúa, poderemos conquistar unhas pensións dignas. Se nós non nos mobilizamos, as organizacións sociais e os partidos políticos por si mesmos non van conseguir nada"*.



Coma noutras edicións, no Encontro Anual da Secretaría das Mulleres houbo charlas, debates, obradoiros, e tamén lecer. Nesta páxina, dous instantes da táboa redonda con Victoria Portas, Beatriz Figueroa e Teresa Burgo; e participantes cantando a golpe de ferreña e pandeireta

Axudas para a contratación de seguros agrarios

Poderán ser beneficiarios delas os e as titulares de explotacións agrarias sempre que subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas do Plan 2017 e liñas gandeiras dos plans 2016 e 2017, formalizadas en 2017.

A formalización da declaración do

seguro considerárase solicitude de axuda, polo que o prazo de solicitude coincidirá cos prazos que se dean para subscribir cada seguro agrario.

Se precisas máis información, pregunta no teu local do Sindicato Labrego Galego.

Axudas á nova participación en réximes de calidade

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias que cumpran a condición de agricultor activo, e que participen por primeira vez nalgún dos réximes de calidade dos produtos agroalimentarios. No caso do programa de calidade relativo á produción ecolóxica, tamén

terá a consideración de nova participación aquela que se refira a agricultores/as que, tendo previamente actividade no dito programa, inicien a actividade de produción ecolóxica con destino ao mercado en relación con algunha nova orientación produtiva.

Prazo até 15 de xuño

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaránse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.

✓ Electrocardiograma.

✓ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.

✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.

✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.

✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificará a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:



XUNTA DE GALICIA

DOCUMENTACIÓN

En todos os casos:

- ✓ Declaración da renda do ano 2015. No caso de non ter a declaración de 2015: datos persoais (nome e apelidos, número de DNI e data de nacemento) de todos os membros da Unidade familiar e número de conta (IBAN).
- ✓ Referencia catastral da vivenda habitual (recibo da contribución urbana)
- ✓ Certificacións de rendementos de todas as contas bancarias, accións, bonos, dividendos de sociedades, cooperativas, montes veciñais, etc. que estean a nome de calquera dos membros da unidade familiar.

No caso de traballadores/as por conta allea, pensionistas, parados/as:

- ✓ Certificacións de retencións. (empresas, INSS, INEM, etc.)
- ✓ Cotizacións a sindicatos obreiros, se é o caso.

Caso de rendementos da actividade agraria:

- ✓ Certificados de retencións das empresas leiteiras, xateiros, etc.
- ✓ Facturas de venda de vacas, maquinaria, e demais elementos afectos á actividade.



- ✓ Xustificantes de todas as subvencións recibidas no ano 2016 (PAC, primas gandeiras, seguros de gando, Planos de mellora, etc.). Subvención do Agroseguro (Traer a copia da póliza do 2015)
- ✓ Informe de indemnizacións de Agroseguro, saneamento, etc.
- ✓ Facturas de venda de madeira (se é o caso).

No caso de ser necesario, pódese facer un inventario da explotación para deducir polos investimentos realizados nos últimos anos. Para isto, é preciso a relación de todos os elementos afectos á explotación (vacas, maquinaria, instalacións, etc) con data e prezo de compra. Se xa se ten feito en exercicios anteriores unicamente teremos que actualizalo.

Outros ingresos, no seu caso:

- ✓ Documentación xustificativa de venda de fincas, vivendas, activos financeiros, fondos de investimento, cobros por expropiacións, plans de pensións, etc.
- ✓ Subvencións: rehabilitación de vivenda cobradas no ano 2016, renda de emancipación, etc.
- ✓ Facturas de venda de dereitos de pago base, etc.

Deducións e reducións:

- ✓ Achegas a plans de pensións, alugueiro de vivenda, hipotecas, etc. (se as hai)

PREGÁMOSVOS QUE NOS TRIADES A DOCUMENTACIÓN O ANTES POSIBLE PARA EVITAR PROBLEMAS DE ÚLTIMA HORA.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Non permitas que te maltraten!



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Autocargador marca Lacasta Lince P-11. Na zona de Betanzos.626 915 873 (Xosé) Véndese -Máquina de mallar marca Campeba. Limpa toda clase de cereal. En Beseño (Touro).
☎981 191 327

Véndense

-Cachorros de mastín.
☎626 194 490

Véndense

-Cans de palleiro.
☎676 268 464 (Vítor)

Véndese

-Becerro de boa xenética.
☎981 446 501

Véndese

-Casa de dous andares, no casco vello das Pontes de García Rodríguez
☎646 964 335

Véndese

-Autocargador rotativo marca Morra, de 1'85 m. de ancho para traballar, con moi poucas horas de uso. En Borrifans (Cesuras).
☎680 361 233 Manuel Simón

Véndense

-2 rotoempacadoras marca Krone e Volvo.
-Rotativa rotativa Vicon con acondicionador e 2.40 m. de corte.
-Tractor Ebro Super 55.
-Ringleirador Stoll.
-Remolque espaxedor JF de 6 toneladas.
-2 Segadoras marcas Bertolini e Camon.
-Empacadora Welger AP-48. Na zona de Lugo.
☎620 171 952

Véndese

-Tenreira de 9 meses Blonde e ecolóxica.
-Poni novo.
☎981 790 331

Véndense

-Muíño eléctrico para gran.
-Muíño de tractor marca Seko para moer gran e espigas.
-Pincho hidráulico para bolos de silo e herba seca.
-Grade de dentes para Pasquali.
-Limpeza de cortes hidráulica (motor e dúas botellas).
☎663 648 799 / 981 786 129

Véndese

-Coche sen carné en bo estado. Marca Chatenet. Por 2.300 €
☎649 168 693 (Guillaume)

Véndense

-Xovencas frisoas con carta, próximas a cumprir. Están no prado. Por xubilación. En Castro de Rei (Lugo).
☎670 898 481

Véndese

-Rotoempacadora Hesston 5650 de correas, en moi bo uso. Na zona de Castroverde.
☎679 678 616

Véndense

-Rolos de silo en Portomarín (Lugo).
☎609 726 858 (Gumersindo)

Véndense

-Rotovator marca Agrator GT-2300. 2'30 m. de ancho de corte, con coitelas novas rectas e rodete Parker.
-Cultivador marca Marmel SCH-93F, 2'5 m. de ancho, con 11 brazos e rodete.
(666 396 285 / 988 454 227

Véndese

-Sementadora de millo marca Monosen, de 3 regos.
-Empacadora Massey Ferguson.
-Gradón.
☎649 979 247

Véndese

-Cisterna de 1.700 litros.
☎981 787 038

Véndese

-Rotativa con deslizamento vertical e horizontal, de 7 pratos, 2.80 de corte. Cambio de coitela rápido. Seminova, só unha campaña de uso. Na zona do Deza (Pontevedra).
☎666 998 392

Véndense

-Vacas de leite en Santa Xuliana (Monfero).
☎981 793 368

Véndese

-Autocargador con documentación por 800 €.
☎667 469 962

Véndese

-Silo de penso de 6.000 kg. n'A Capela (A Coruña)
☎669 046 856 (Luís)

Véndese

-Tractor Same Explorer 90, con pa Tenias posta de novo. 5.000 horas
-Tractor Massey Ferguson 6140 con pa nova Tenias e inversor hidráulico. 4.500 horas.
-Desbrozadora de cadeas de 1.80
☎690 774 565

Véndense

-Xatas e xovencas de 1 ano de idade de raza Limiá. Puras e inscritas no libro xenealóxico da raza na Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga). Libres de IBR, BVD e neospora. Mansas. Están en Rois (A Coruña).
☎649 565 136

Véndense

-Torno mecánico modelo Cumbre 022, con coitelas e portacoitelas modernos.
-Vacas e xovencas de leite. En Xestoso (Monfero).
☎679 565 463 (María)

Véndense

-Grada de 20 discos de 20" marca Calagri.
-Arrincadora de patacas de dous regos marca Cerezo.
-Aboadora pendular Aguirre de 500 kg de capacidade.
-Vertedeira reversible Ebro B2 de dúas pas.
☎650 019 275

Véndense

-Silos de penso de 3.000 kg, 5.000 kg e 10.000 kg. con sinfin. En Arneiro (Cospito)
☎676 128 939

Véndese

-Muíño de tractor e máquina de limpar.
☎648 718 864

Véndense

-Rolos de herba seca de 1'40 na zona de Oza-Cesuras.
☎619 267 520 (Carlos)

Véndese

-Rolos de herba seca en Santa Cristina (Cospito)
☎982 505 755

Véndese

-Circuíto de muxido de tres puntos, seminovo, marca Alfa-Laval
☎982 574 687 (Concha)

Véndese

-Comedeiro para botar os rolos de silo.
-Xerador de electricidade. Na zona d'O Corgo
☎689 752 400

Véndense

-Ringleiradora e estendedor PZ.
-Ringleiradora de 8 brazos marca KVN GM280G
☎676 268 464 (Vítor)

Véndese

-Autocargador marca Maglosa, modelo RC. Peso máximo: 3800 Kg. Moi bo uso. Zona Portomarín.
☎626 686 509

Véndese

-Emboladora Marca Gallinani Modelo 8600.
☎610 422 878

Véndese

-Herba seca en bolos de 80x80x240. Zona de Chantada.
☎670 320 138

Véndense

-Tractor marca Class, modelo Aeron 450, de 130 CV. 2 anos de antigüidade, en perfecto estado. Aínda está en garantía.
-Hilerador Kuhn con rotor de 320 con uso dunha soa campaña.
-Arado de 3 vesos de láminas.
☎630 672 331

Véndense

-Xovencas próximas ao parto.
-Rotativa Marangon MDW245
-Tanque de frío trifásico de 600 litros.
☎636 256 131

Véndense

-Beceros, na zona do Condado-Paradanta.
☎626 442 294 e 986 668 820

Véndese

-Segadora rotativa Covesa, con 2'10 de corte. En Mesía (A Coruña).
☎659 927 961

Véndense

-Rolos de herba ensilada.
-Tanque de inseminación.
-Silo de penso de 12.000 kg con sinfin.
-Silo de penso de 5.000 kg.
-Carro mesturador Hello Dolly de 9 metros. Todo seminovo. A Pastoriza.
☎639 537 964 (Carlos)

Véndense

-Millo para ensilar.
-Camión con caixa isotérmica, plataforma elevadora e 9500 Kg de carga total. En Oroso (A Coruña)
☎610 454 798

Véndense

-Dous comedeiros de vacas para o aire libre de 12 prazas, en perfecto estado.
-Un comedeiro de becerros acabado de estreir.
-Unha manga.
-100 bolas de silo.
-100 pacas grandes de herba seca. En Friol (Lugo).
☎659 937 487

Véndese

-Cabra e cabrito de 10 meses.
☎981 790 331

Véndense

-Rolos de herba seca en Poulo (Ordes).
☎659 763 966

Véndense

-Vacas do pais. Zona de Melide (A Coruña)
☎617 243 526

Véndense

-Crías de can de palleiro nados o 25 de xuño.
☎676 268 464 (Vítor)

Véndense

-Rotativa de 2 Tambores e 1,85m.
-Tractor Ebro 470 con pa, dobre embrague e dirección.
-Remolque espaxedor de estercos.
☎667 469 962

Véndese

-Touro Limousin. Menos de 4 anos e moi manso. Na zona de Lugo.
☎685 884 257

Véndese

-Motosegadora Bertolini Anvaso, motor Lombardini.
☎686 596 260 (Ovidio)

Véndese

-Bebedeiro de 2.000 litros galvanizado, seminovo.
☎637 545 179

Véndese

-Remolque para quad.
☎696 090 165

Véndese

-Renault Megane con 170.000 Km. e 15 anos. Ten gancho para remolque, cinco portas e o propietario é unha persoa maior.
☎659 993 345

Véndese

-Sala de muxido Manus de 5 puntos, en espiña de peixe (bomba de baleiro, cristais, tubaxes, etc.).
-Tractor Renault 113-14-TX.
-Segadora rotativa Vicon de 2,17 de corte.
-Remolque de botella.
-Furador para poñer estacas.
-Autocargador Marangón.
☎649 310 981 ou escribir a antoñitosalgado@gmail.com (Antonio)

Véndense

-Vacas de raza Rubia Galega, baleiras, preñadas ou con becerros. por cese de granxa.
-Herba seca empacada. Por cese de granxa en Guntín de Pallares (Lugo).
☎982 160 282

Véndese

-Abono de vaca a 70€-tractor.
-Becerras de 8 meses, de raza Rubia Galega.
☎660 136 414.

Véndese

-Sulfatadora de tractor de 450 litros e 6 m. de ancho de brazos, coa bomba nova.
☎610 258 060

OUTROS

Alúganse

-Cortes de 630 m² con sala de espera, sala de muxido e leiteira.
-Pozo de xurro de 300.000 m³ con rampla.
-Fincas por 159 ferrados Por xubilación, na Cima de Aranga.
☎699 580 927 (Ángel)
646 098 972 (Luisa)

Ofrécese

-Persoa para traballar as fins de semana en explotacións da provincia da Coruña.
☎680 931 285 (Rocío)

Mércase

-Muíño para tractor marca Campeva, para moer espigas e grao con moega.
☎981 786 610 Xosé Antonio

Ofrécese

-Mozo para traballar en granxa de vacas, con experiencia. Para calquera zona de Galicia.
☎606 436 139

Regálase

-Estercos de vaca, na zona do Condado-Paradanta.
☎626 442 294 e 986 668 820

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



sindicato
labrego galego
comisións labregas

Corenta anos despois, as xentes das Encrobas volveron brandir paraugas, fouces e sachas para denunciar a inxustiza. Fixérono o 19 de febreiro na *Marcha pola Memoria*, na que os homes e mulleres da parroquia, xunto con centos de persoas que quixeron participar deste acto de lembranza, revisitaron os espazos nos que a carraxe veciñal callou en exemplo dunha loita colectiva que aínda segue viva nalgunhas das súas protagonistas e naquelas persoas que manteñen acesa a lapa do seu recordo.

A parroquia das Encrobas brande o paraugas corenta anos despois



Si, cumpríanse catro décadas dende aquela mañá do 15 de febreiro de 1977, cando un batallón da garda civil se enfrontaba con obediencia de cans de presa aos veciños e veciñas que defendían a súa terra da usurpación. Paraugas fronte a cetmes, digna rebeldía fronte a capas e tricornes, a veciñanza púxose de fronte para evitar que Fenosa fixese acto de posesión dos terreos, un choque que sería inmortalizado pola retina do fotógrafo Xosé Castro *Pepucho*. Esas imaxes, hoxe icónicas, elevadas a sím-

bolo de resistencia por esa parte do pobo galego que porfía en resistir, puxeron de actualidade un conflito que, por desgraza, teima con repetirse aínda

hoxe en tantas parroquias desta Galiza que, seica, é unha mina.

As Comisións Labregas tivemos un papel protagonista hai corenta anos no apoio a esa ve-

ciñanza indignada que non quería vender aquilo que lle daba a vida e que non tiña prezo. Tamén hoxe, esas Comisións Labregas seguen a apoiar á xente avasalada polos intereses mineiros en lugares como Triacastela, Terra Chá, Xanceda, Corcoesto, Xinzo de Limia...

Como non podía ser doutra maneira, dende o Sindicato Labrego Galego participamos activamente na celebración desta efeméride que deu voz a moitas das protagonistas daquela loita que, por desgraza, segue viva aínda hoxe.

